



**CONSELLO DE CONTAS  
DE GALICIA**

**INFORME DE FISCALIZACIÓN  
SOBRE AS ELECCIÓNNS Ó  
O PARLAMENTO DE GALICIA  
DO 17 DE OUTUBRO DE 1.993**



## Consello de Contas de Galicia

**MANUEL BURQUE TORREIRA, SECRETARIO XERAL DO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA.**

**CERTIFICA:**

Que este *Informe de Fiscalización sobre as Eleccións ó Parlamento de Galicia do 17 de outubro de 1993, que consta de 107 páxinas numeradas correlativamente, foi aprobado por unanimidade polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa sesión celebrada o día 11 de maio de 1994.*

Santiago de Compostela, 16 de maio de 1994

VISTO E PRACE  
O CONSELLEIRO MAIOR EN FUNCIÓNS



*M*

G. Otero Díaz



## ÍNDICE

### INFORME DE FISCALIZACIÓN SOBRE AS ELECCIÓN Ó PARLAMENTO DE GALICIA DO 17 DE OUTUBRO DE 1993.

	Páxina
<b>I.- Introducción . . . . .</b>	<b>3</b>
1.1.- Marco Legal . . . . .	3
1.2.- Ámbito . . . . .	6
1.3.- Resultados Electorais . . . . .	7
1.4.- Tipos de Subvencións e Límite máximo da subvención total . . . . .	10
1.4.1.- Adiantos ou Anticipos das Subvencións	16
1.4.2.- Subvencións Públicas pendentes de percibir e a reintegrar . . . . .	17
1.5.- Límite Máximo de Gastos . . . . .	18
1.6.- Actuacións Complementarias do Consello de Contas . . . . .	21
1.7.- Actuacións das Xuntas Electorais . . . . .	22
1.8.- Limitacións . . . . .	24
 <b>2.- Regularidade das Contabilidades Electorais . . .</b>	<b>26</b>
2.1.- Partido Popular . . . . .	27
2.1.1.- Información Económico-Financeira . .	27
2.1.2.- Recursos Financeiros . . . . .	29
2.1.3.- Gastos Electorais . . . . .	31
2.1.4.- Límite máximo de gastos . . . . .	36
2.1.5.- Incumprimento de Terceiros . . . . .	37
2.1.6.- Límite máximo da subvención . . . . .	38
2.1.7.- Proposta . . . . .	40
2.1.8.- Conclusións . . . . .	40
2.1.9.- Opinión . . . . .	42
2.1.10.- Alegacións . . . . .	43

<b>2.2.- Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE</b>	<b>52</b>
<b>2.2.1.- Información Económico-Financeira . . . . .</b>	<b>52</b>
A.- Contas de operacións ordinarias . . . . .	53
B.- Contas de envíos electorais (Mailing) . .	55
<b>2.2.2.- Recursos Financeiros . . . . . . . . . . .</b>	<b>56</b>
<b>2.2.3.- Gastos Electorais . . . . . . . . . . .</b>	<b>60</b>
<b>2.2.4.- Límite máximo de gastos . . . . . . . . .</b>	<b>68</b>
<b>2.2.5.- Incumprimento de Terceiros . . . . . . .</b>	<b>69</b>
<b>2.2.6.- Límite máximo da Subvención . . . . . . .</b>	<b>70</b>
<b>2.2.7.- Proposta . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>73</b>
<b>2.2.8.- Conclusións . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>73</b>
<b>2.2.9.- Opinión . . . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>75</b>
<b>2.2.10.- Alegacións . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>77</b>
<b>2.3.- Bloque Nacionalista Galego . . . . . . . . . . .</b>	<b>79</b>
<b>2.3.1.- Información Económico-Financeira . . . . .</b>	<b>79</b>
<b>2.3.2.- Recursos Financeiros . . . . . . . . . . .</b>	<b>81</b>
<b>2.3.3.- Gastos Electorais . . . . . . . . . . .</b>	<b>83</b>
<b>2.3.4.- Límite máximo de gastos . . . . . . . . .</b>	<b>86</b>
<b>2.3.5.- Incumprimento de Terceiros . . . . . . .</b>	<b>86</b>
<b>2.3.6.- Límite máximo da Subvención . . . . . . .</b>	<b>87</b>
<b>2.3.7.- Proposta . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>90</b>
<b>2.3.8.- Conclusións . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>90</b>
<b>2.3.9.- Opinión . . . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>92</b>
<b>2.3.10.- Alegacións . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>93</b>
<b>2.4.- Coalición Galega . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>96</b>
<b>2.5.- Unidade Galega - Esquerda Unida . . . . . . .</b>	<b>99</b>
<b>3.- Declaración de Gastos Regulares Xustificados . .</b>	<b>102</b>
<b>4.-Recomendacións . . . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>106</b>

**Anexo resumo.**

## **1.- INTRODUCCIÓN.**

### **1.1.- MARCO LEGAL.**

O artigo 46 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, atribúe ó Consello de Contas de Galicia as facultades que a lexislación electoral xeral outorga ó Tribunal de Cuentas, en relación coas contabilidades de ingresos e gastos dos procesos electorais.

Así mesmo, a Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, modificada en parte polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, de 13 de marzo e 6/1992, de 2 de novembro, ten carácter supletorio da lexislación autonómica na materia (artigo 1º, apartado 2º).

As competencias que ten o Consello de Contas de Galicia son as seguintes:

A).- Pronunciamento, no exercicio da súa función fiscalizadora, sobre a regularidade das contabilidades electorais. No suposto de que se apreciasen irregularidades ou violación dos límites establecidos na materia de ingresos e gastos electorais, poderá propoñela non adxudicación ou reducción da subvención a obter da Comunidade Autonómica para o partido, coalición, federación ou agrupación implicada.

Se se advertise, ademais, indicios de conductas constitutivas de delicto, comunicarao ó Ministerio Fiscal (artigo 47, apartado 3º da Lei 8/1985).

B).- Remisión dos resultados da fiscalización mediante informe razoado, comprensivo da declaración dos gastos regulares xustificados por cada partido, federación, coalición, asociación ou agrupación de electores ó Parlamento

e á Xunta de Galicia (artigo 47, apartado 4º da Lei 8/1985).

No desenvolvemento destas funcións, a fiscalización realizouse, en especial, sobre os seguintes puntos, derivados das prescripcións legais:

1º.- O cumprimento do límite máximo das aportacións fixado no artigo 129 da Lei Electoral Xeral (un millón de pesetas por persoa e partido), verificando que naquelas figurán os datos de identificación esixidos no artigo 126 ás persoas físicas ou xurídicas que contribúan a financia-la campaña electoral.

2º.- A orixe dos recursos que os partidos destinan a gastos de campaña (artigo 126 da Lei Electoral Xeral).

3º.- A prohibición de aportar fondos imposta ás Administracións Públicas, Organismos Autónomos, Entidades Paraestatais, Empresas do Sector Público ou con contrato en vigor con algunha Administración Pública, así como ás entidades ou persoas estranxeiras (artigo 128 da Lei Electoral Xeral).

4º.- A contracción dos gastos desde a data de convocatoria de eleccións (24 de agosto de 1993) ata a da proclamación de electos (11 de novembro de 1993), en función do sinalado no artigo 130 da Lei Orgánica 5/1985, modificada pola Lei Orgánica 8/1991, así como a natureza daqueles e a súa concordancia coa clasificación establecida en dito precepto.

5º.- A xustificación dos gastos realizados no período sinalado anteriormente mediante documentos que cumpran os requisitos fixados polas normas e principios contables, mercantís e fiscais.

6º.- A disposición de fondos das contas correntes de campaña dentro do prazo do artigo 125 da Lei Electoral , que no actual proceso finalizou o 18 de xaneiro de 1994.

7º.- A non realización polas formacións políticas de gastos superiores ás cifras que se deducen do artigo 44 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, o cal se expón no presente informe con concreción e detalle.

8º.- O cumprimento da obriga que impón o artigo 133 da Lei do Réxime Electoral Xeral ás entidades financeiras que concederan créditos ás forzas concorrentes, e ás empresas que facturaran por importes superiores ó millón de pesetas, de comunicar tales prestacións ó Consello de Contas.

9º.- Que a contabilidade dos partidos, federacións ou coalicións se axuste, en todo caso, ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade (artigo 121-2º da Lei do Réxime Electoral Xeral).

As principais Disposicións aplicables son:

- Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro (D.O.G. nº1, luns, 4 de xaneiro de 1993).

- Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, do 13 de marzo e 6/1992, de 2 de novembro.

- Lei Orgánica 3/1987, de 2 de xullo, de Financiamento dos Partidos Políticos.

- Decreto 198/1993, de 23 de agosto, de disolución do Parlamento de Galicia e convocatoria de eleccións (D.O.G. nº 162, martes, 24 de agosto de 1993).

- Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (D.O.G. nº 164, xoves, 26 de agosto de 1993), pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións ós gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia de 17 de outubro de 1993.

- Lei 10/1993, de 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 141, luns, 26 de xullo de 1993) e corrección de errores (D.O.G. nº 147, martes, 3 de agosto de 1993).

- Resolución da Consellería da Presidencia e Administración Pública de 14 de setembro de 1993, pola que se fan públicas as candidaturas presentadas nas Xuntas Electorais Provinciais de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, para as eleccións ó Parlamento de Galicia de 17 de outubro de 1993 (D.O.G. nº 178, mércores, 15 de setembro de 1993).

- Resolución da Xunta Electoral de Galicia de 3 de novembro de 1993, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscripcións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o día 17 de outubro de 1993 (D.O.G. nº 217, xoves, 11 de novembro de 1993).

#### 1.2.- ÁMBITO.

Para delimita-las formacións políticas que deben presenta-las súas contas neste Consello de Contas, o artigo

46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia circunscribese a aqueles que alcanzaron os requisitos esixidos para recibir subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia ou que solicitaran adiantos con cargo ós mesmos, establecendo o citado artigo que presentarán ante o Consello de Contas unha contabilidade detallada e documentada dos seus respectivos ingresos e gastos electorais.

Os partidos e coalicións que reúnen estes requisitos son os seguintes.

- Partido Popular de Galicia.
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE.
- Bloque Nacionalista Galego.
- Unidade Galega-Esquerda Unida (1).
- Coalición Galega.

(1) Concorreu ás eleccións de 1989 coa denominación de Partido Socialista Galego-Esquerda Galega.

### **1.3.- RESULTADOS ELECTORAIS.**

No artigo 3º do Decreto 198/1993, de 23 de agosto, sinálase que en aplicación do artigo 9 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, de eleccións ó Parlamento de Galicia, o número de Deputados a elixir é de 75, distribuídos nas circunscripcións de A Coruña (24), Lugo (15), Ourense (15) e Pontevedra (21).

Por Resolución da Xunta Electoral de Galicia de 3 de novembro de 1993 (D.O.G. nº 217, do 11 de novembro de 1993) publícanse os resultados das candidaturas concorrentes, o número de escanos e votos de cada unha das formacións que obtiveron representación parlamentaria e o número de electores, tendo o seguinte desglose:

## **Resultados Xerais**

- Número de electores censados .....	2.293.169
- Número de votantes .....	1.472.018
- Numero de votos válidos .....	1.464.910
- Número de votos a candidatura .....	1.451.555
- Número de votos en branco .....	13.355
- Número de votos nulos .....	7.107
- Partido Popular .....	763.839
- Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE .....	346.831
- Coalición Bloque Nacionalista Galego .....	269.233
- Coalición Esquerda Unida-Unidade Galega .....	44.902
- Coalición Galega .....	6.098
- Agrupación Ruíz Mateos .....	5.293
- Os Verdes de Galicia .....	4.682
- Alternativa Galega .....	3.187
- Los Ecologistas .....	2.987
- Coalición Plataforma Ciudadana Humanista .....	2.508
- Assembleia do Povo Unido .....	1.492
- Coalición por un Novo Partido Socialista .....	503

## Resultados por Circunscripcións Electorais

Provincia	Votos	Escanos
<b>A Coruña</b>		
Partido Popular	281.578	13
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	141.544	6
Coalición Bloque Nacionalista Galego	112.713	5
Coalición Esquerda Unida-Unidade Galega	21.253	—
Alternativa Galega	2.478	—
Coalición Galega	2.197	—
Os Verdes de Galicia	1.851	—
Agrupación Ruíz Mateos	1.829	—
Los Ecologistas	1.236	—
Coalición Plataforma Ciudadana Humanista	1.133	—
Assembleia do Povo Unido	606	—
Coalición por un Novo Partido Socialista	503	—
<b>Totais A Coruña</b>	<b>568.921</b>	<b>24</b>
<b>Lugo</b>		
Partido Popular	123.020	9
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	50.270	4
Coalición Bloque Nacionalista Galego	35.838	2
Coalición Esquerda Unida-Unidade Galega	3.329	—
Coalición Galega	936	—
Agrupación Ruíz Mateos	920	—
Os Verdes de Galicia	854	—
Los Ecologistas	299	—
Alternativa Galega	223	—
Coalición Plataforma Ciudadana Humanista	216	—
Assembleia do Povo Unido	186	—
<b>Totais Lugo</b>	<b>216.091</b>	<b>15</b>
<b>Ourense</b>		
Partido Popular	108.932	9
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	50.865	4
Coalición Bloque Nacionalista Galego	33.914	2
Coalición Esquerda Unida-Unidade Galega	1.990	—
Coalición Galega	1.006	—
Agrupación Ruíz Mateos	784	—
Os Verdes de Galicia	454	—
Coalición Plataforma Ciudadana Humanista	302	—
Los Ecologistas	231	—
Assembleia do Povo Unido	180	—
Alternativa Galega	111	—
<b>Totais Ourense</b>	<b>198.769</b>	<b>15</b>
<b>Pontevedra</b>		
Partido Popular	250.309	12
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	104.152	5
Coalición Bloque Nacionalista Galego	86.768	4
Coalición Esquerda Unida-Unidade Galega	18.330	—
Coalición Galega	1.959	—
Agrupación Ruíz Mateos	1.760	—
Os Verdes de Galicia	1.523	—
Los Ecologistas	1.221	—
Coalición Plataforma Ciudadana Humanista	857	—
Assembleia do Povo Unido	520	—
Alternativa Galega	375	—
<b>Totais Pontevedra</b>	<b>467.774</b>	<b>21</b>

Da acumulación dos datos anteriores obtéñense os seguintes resultados globais computables a efectos da percepción de subvencións públicas, segundo os criterios do artigo 10 da Lei 8/1985 de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificado polo artigo único, apartado 3º da Lei 15/1992, de 30 de decembro.

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	ESCANOS	VOTOS
Partido Popular	43	763.839
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	19	346.831
Bloque Nacionalista Galego	13	269.233
<b>TOTAIS</b>	<b>75</b>	<b>1.379.903</b>

O número de electores censados é 2.293.169.

Unidade Galega-Esquerda Unida e Coalición Galega non obtiveron representación parlamentaria nas elección celebradas ó Parlamento de Galicia o 17 de outubro de 1993 e cobraron o anticipo da subvención.

#### **1.4.- TIPOS DE SUBVENCIÓN S E LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN.**

O apartado 1º do artigo 44 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia (Lei 8/1985) dispón que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo cos seguintes baremos:

- a) Subvención por cada escano obtido.
- b) Subvención por voto conseguido por cada candidatura que obteña escano.

Á súa vez o antigo apartado 3º de dito artigo prevía que as cantidades, que na norma se sinalan, se refiren a pesetas constantes, e que se actualizarán mediante Orde da Consellería de Economía e Facenda nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións.

Este artigo 44 da Lei 8/1985 foi modificado pola Lei 15/1992, establecendo no seu artigo único, apartado 10º, o seguinte:

" O artigo 44 queda redactado da forma seguinte:

1.- A Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais de acordo coas seguintes regras:

a) Dous millóns de pesetas para cada escano obtido no Parlamento de Galicia.

b) Setenta e cinco pesetas por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura, se un, ó menos, dos membros dela obtivo escano de deputado.

2.- Ademais das subvencións a que se refire o apartado anterior, a Comunidade Autónoma subvencionará ós partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores os gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral a razón de vinte pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

3.- O límite dos gastos electorais nas eleccións ó Parlamento de Galicia será o que resulte de multiplicar por sesenta pesetas o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscripción onde presente as súas candidaturas cada partido, federación, coalición ou

agrupación de electores.

Non se incluirán dentro do límite dos gastos electorais as cantidades subvencionadas de acordo co disposto no apartado anterior.

4.- As cantidades mencionadas nos apartados anteriores refírense a pesetas constantes. A Consellería de Economía e Facenda fixará as cantidades actualizadas nos cinco días seguintes á convocatoria de eleccións.

5.- Ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 3 deste artigo".

Así mesmo, a Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993, pola que se fixan as cantidades actualizadas das subvencións ós gastos orixinados por actividades electorais para as eleccións ó Parlamento de Galicia de 17 de outubro de 1993 (D.O.G. nº 164, xoves, 26 de agosto de 1993), establece:

#### "Artigo único.-

1.- Dado que a Lei 15/1992, de 30 de decembro, de modificación da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia, entrou en vigor o 5 de xaneiro de 1993, e o seu artigo 44.4 se refire a pesetas constantes, non procede a actualización das cantidades das subvencións e límites de gastos electorais sinalados no citado artigo 44.

2.- Polo tanto quedan fixadas as cantidades a que se refire o apartado anterior na contía seguinte:

2.1.- Subvencións suxeitas a límite:

a) Subvención de 2.000.000 de pesetas por cada escano obtido no Parlamento de Galicia.

b) Subvención de 75 pesetas por cada un dos votos conseguidos por cada candidatura, se un, polo menos, dos membros dela obtivo escano de deputado.

2.2.- Subvención ós partidos, federacións, coalicións e agrupación de electores dos gastos electorais ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais, ou de propaganda e publicidade electoral, a razón de 20 pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia obteña representación.

2.3.- O límite dos gastos electorais será o que resulte de multiplicar por sesenta pesetas o número de habitantes correspondentes á poboación de dereito da circunscripción onde presente a súa candidatura cada partido, federación, coalición ou agrupación de electores. Os citados límites fixanse nas contías seguintes:

PROVINCIA	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE GASTOS ELECTORAIS
A Coruña	1.096.966	65.817.960
Lugo	384.365	23.061.900
Ourense	353.491	21.209.460
Pontevedra	896.847	53.810.820
<b>TOTAL</b>	<b>2.731.669</b>	<b>163.900.140</b>

A poboación de dereito obtívose a partir dos datos oficiais facilitados polo Instituto Nacional de Estatística, referidos a 1 de marzo de 1991, últimos actualizados neste

intre".

O límite máximo de gastos de ptas. 163.900.140, sen ter en conta os gastos correspondentes do envío a electores de sobres e papeletas electorais, publicidade e propaganda, da Comunidade Autónoma no seu conxunto, é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, ó concorrer ós comicios nas catro circunscripcións.

A aplicación destas cifras ós resultados sinalados orixina a seguinte distribución das subvencións públicas:

**a) Subvencións suxeitas ó límite .- (Escanos e Votos)**

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	IMPORTE POR ESCANOS	IMPORTE POR VOTOS	IMPORTE TOTAL
Partido Popular	86.000.000	57.287.925	143.287.925
Partido dos Socialistas de Galicia -PSOE	38.000.000	26.012.325	64.012.325
Bloque Nacionalista Galego	26.000.000	20.192.475	46.192.475
<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>150.000.000</b>	<b>103.492.725</b>	<b>253.492.725</b>

As subvencións suxeitas ó límite son inferiores, para cada partido político, ó límite dos gastos electorais de ptas. 163.900.140 no conxunto da Comunidade Autónoma.

Así mesmo, en aplicación do artigo 127 da Lei 5/1985, en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora, ( de acordo coa Disposición Adicional Primeira.1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Cuentas debe lerse Consello de Contas).

**b) Subvención non suxeita a límite (Envíos electorais-Mailing).**

Nº Electores- 2.293.169  
20 ptas. por Elector

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	IMPORTE POR ELECTORES	TOTAL
Partido Popular	45.863.380	45.863.380
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	45.863.380	45.863.380
Bloque Nacionalista Galego	45.863.380	45.863.380
<b>IMPORTE TOTAIS</b>	<b>137.590.140</b>	<b>137.590.140</b>

**c) Límite máximo da subvención.**

O límite máximo da subvención obtense pola suma da subvención suxeita ó límite (escanos e votos) e a subvención non suxeita ó límite (Mailing).

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	SUBVENCIÓN SUXEITA Ó LÍMITE (a)	SUBVENCIÓN NON SUXEITA Ó LÍMITE (b)	LÍMITE MÁXIMO DA SUBVENCIÓN (a)+(b)
Partido Popular	143.287.925	45.863.380	189.151.305
Partido dos Socialistas de Galicia PSOE	64.012.325	45.863.380	109.875.705
Bloque Nacionalista Galego	46.192.475	45.863.380	92.055.855
<b>TOTAIS</b>	<b>253.492.725</b>	<b>137.590.140</b>	<b>391.082.865</b>

Este límite máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto como gasto regular, de conformidade

co establecido no artigo 127 da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánica 1/1987, de 2 de abril, 8/1991, de 13 de marzo e 6/1992, de 2 de novembro, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassar a cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora, (de acordo coa Disposición Adicional Primeira.1 da citada Lei, en vez de Tribunal de Cuentas debe lerse Consello de Contas).

#### **1.4.1.- Adiantos ou anticipos das subvencións.**

O artigo 45.1 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia establece que " A Comunidade Autónoma de Galicia concederá anticipos das subvencións mencionadas ós partidos, coalicións, federacións e agrupacións que obtiveran representantes nas últimas eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia, de ata un 30 por 100 da subvención percibida naquelas ".

En aplicación do artigo 3º da Lei 10/1993, de 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atender os gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia, concedéronse os seguintes anticipos de subvencións:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN
Partido Popular	35.317.375
Partido dos Socialistas de Galicia PSOE	26.098.413
Bloque Nacionalista Galego	5.082.003
Partido Socialista Galego-Esquerra Galega (1)	2.132.875
Coalición Galega	1.774.779
<b>TOTAIS</b>	<b>70.405.445</b>

(1) O Partido Socialista Galego - Esquerda Galega concorreu ás eleccións coligado con Esquerda Unida baixo o nome de Unidade Galega - Esquerda Unida.

Estas cifras coinciden, en cada un dos casos, co límite do 30 por 100 que sinala o mencionado artigo 45, calculado sobre as subvencións outorgadas nas eleccións de 17 de decembro de 1989.

#### 1.4.2.- Subvencións públicas pendentes de percibir e a reintegrar.

Ó minorarse o límite da subvención derivado das previsións do artigo 44 da Lei 8/1985, modificado pola Lei 15/1992 , sinalado anteriormente, cos anticipos ou adiantos xa percibidos por cada formación política, a contía máxima pendente de liquidar é a seguinte:

PARTIDO, FEDERACIÓN, COALICIÓN OU AGRUPACIÓN	MÁXIMO SUBVENCIÓN	ANTICIPO SUBVENCIÓN	RESTO DE SUBVENCIÓN MÁXIMA A PERCIBIR OU REINTEGRAR
Partido Popular	189.151.305	35.317.375	153.833.930
Partido dos Socialistas de Galicia - PSOE	109.875.705	26.098.413	83.777.292
Bloque Nacionalista Galego	92.055.855	5.082.003	86.973.852
Unidade Galega - Esquerda Unida	-----	2.132.875	(2.132.875)
Coalición Galega	-----	1.774.779	(1.774.779)
<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>391.082.865</b>	<b>70.405.445</b>	<b>320.677.420</b>

O importe máximo da subvención queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co establecido no artigo 127 da Lei Orgánica 5/1985, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, de 13 de marzo e 6/1992, de 2 de novembro, como xa foi indicado no apartado 1.4 deste informe.

De acordo co que determina o artigo 45-4º da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, o Partido Unidade Galega-Esquerda Unida terá que devolver á Xunta de Galicia (Administración Electoral) o importe do anticipo de ptas. 2.132.875 e o Partido Coalición Galega tamén terá que devolve-lo anticipo de ptas. 1.774.779 por non obter representación parlamentaria.

Na liquidación destas contías teranse en conta, no seu caso, as modificacíons derivadas das propostas incluídas no presente informe, tendentes á non adxudicación ou reducción da subvención pública correspondente.

#### **1.5.- LÍMITE MÁXIMO DE GASTOS.**

O apartado 4º do artigo 44 da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia (Lei 8/1985) establecía que "ningún partido, federación, coalición ou agrupación pode realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 2".

Este artigo 44 quedou modificado, polo apartado 10º da Lei 15/1992, de 30 de decembro, no seu apartado 5º, establecendo que: "ningún partido, federación, coalición ou agrupación poderá realizar gastos electorais que superen os límites establecidos no apartado 3 deste artigo".

A modificación deste artigo é fundamental para a elaboración do presente informe, xa que van a coexistir dous tipos de subvencións, unha suxeita ó límite de gastos, formada polos importes correspondentes a votos e escanos e outra subvención non suxeita a límite de gastos, pero que ven limitada polo número de electores.

A coexistencia destes tipos de subvencións, obrigou ó Consello de Contas a desglosa-los gastos correspondentes ó envío a electores de sobres e papeletas, publicidade e propaganda, dos gastos ordinarios da campaña electoral, co fin de poder analizar separadamente os gastos que estaban suxeitos a límite, daqueles outros que non tiñan límite explícito, e todo en concordancia co establecido no artigo 175-3º na nova redacción dada pola Lei 8/1991 no seu artigo único, apartado 58 da Lei de Réxime Electoral Xeral.

Soamente o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE presentou contabilidade separada do "Mailing" (envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral).

O límite máximo de gastos das eleccións a 1989 foi publicado no D.O.G. nº 222, de 20 de novembro de 1989, en virtude do acordo da Xunta Electoral do 7 de novembro.

O límite máximo de gastos das eleccións de 1993 foi establecido por Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (D.O.G. nº. 164, xoves, 26 de agosto de 1993) no seu artigo único, apartado 2.3, citado no apartado 1.4 deste informe.

CIRCUNSCRIPCIÓN	1993		1989	
	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTOS	POBOACIÓN DE DEREITO	LÍMITE DE GASTOS
A Coruña	1.096.966	65.817.960	1.108.814	82.089.514
Lugo	384.365	23.061.900	404.888	46.189.288
Ourense	353.491	21.209.460	429.382	47.438.482
Pontevedra	896.847	53.810.820	900.414	71.461.114
<b>SUMAS TOTAIS</b>	<b>2.731.669</b>	<b>163.900.140</b>	<b>2.843.498</b>	<b>247.178.398</b>

Para poder comparar este límite de gastos das eleccións de 1993 coas de 1989 hai que ter en conta a modificación do artigo 44 mediante a Lei 15/1992 anteriormente citado, polo que a este límite de gastos de 1993 habería que sumarlle a subvención por electores que non está suxeita a límite de gastos, co que resultaría un volume máximo de gastos para 1993 de 209.763.520.- de acordo co seguinte detalle.

Límite de gastos 1993 . . . . .	163.900.140
Subvención Electores (Tope máximo) . . . . .	45.863.380
<hr/>	
<b>Suma Total . . . . .</b>	<b>209.763.520</b>
<hr/>	

Esta diminución do límite de gastos das eleccións de 1993 respecto ás eleccións de 1989, débese a dous motivos principais:

- Descenso da poboación de dereito.
- Modificación da Lei 8/1985 pola Lei 15/1992 ó introduci-la subvención por envíos electorais (Mailing) non suxeita ó límite, en concordancia coa modificación introducida no artigo 175-3º da Lei 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, mediante o artigo único, apartado 58 da Lei

Orgánica 8/1991 de 13 de marzo, que establece que se subvencionará ós partidos, federacións, coalicións ou agrupacións os gastos electorais orixinados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral, aclarando o punto 3-b do citado apartado que a cantidade subvencionada non estará incluída dentro do límite previsto no apartado 2 deste artigo, sempre que se xustificara a realización efectiva da actividade a que se refire este apartado.

O límite máximo de gastos da Comunidade Autónoma no seu conxunto é aplicable a tódalas formacións políticas analizadas, o concorrer ós comicios nas catro circunscripcións.

#### **1.6.- ACTUACIÓNES COMPLEMENTARIAS DO CONSELLO DE CONTAS.**

As verificacións do Consello de Contas alcanzaron á totalidade dos documentos incluídos nas contas, ós rexistros contables e antecedentes presentados, así como a cantes foron requiridos; comprobacións ineludibles para formula-la declaración do importe exactos dos gastos regulares xustificados á que fai referencia o artigo 134 da Lei Orgánica 5/1985.

Para completar e contrasta-los resultados das comprobacións sinaladas anteriormente, practicáronse as seguintes actuacións:

1º).- Requerimento á Xunta Electoral de Galicia e ás Xuntas Electorais Provinciais do Informe contemplado no artigo 132.5 da Lei Orgánica 5/1985, comprensivo dos resultados da súa actividade fiscalizadora.

2º).- Solicitud á Consellería de Economía e Facenda de información sobre adiantos de subvencións públicas.

3º).- Circularización a tódalas empresas que facturaron por importe superior ó millón de pesetas.

Esta circularización tamén se realizou ás entidades financeiras que outorgaron créditos ou préstamos, debendo notifica-la concesión a este Consello de Contas (artigo 133 da Lei Orgánica 5/1985). Ademais solicitouse das entidades financeiras os extractos bancarios e relación de firmas autorizadas para o movemento das contas electorais de campaña.

#### **1.7.- ACTUACIÓNS DAS XUNTAS ELECTORAIS.**

O artigo 132.1 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral prevé que desde a data de convocatoria de eleccións ata a celebración das mesmas, as Xuntas Electorais velarán polo cumprimento das normas establecidas en dita Lei, engadindo o apartado 5º que " así mesmo as Xuntas Electorais informarán ó Tribunal de Contas dos resultados da súa actividade fiscalizadora".

Este Consello de Contas solicitou ás catro Xuntas Electorais Provinciais e á Xunta Electoral de Galicia a información detallada da súa actividade fiscalizadora levada a cabo, obtendo as seguintes contestacións:

##### **- Xunta Electoral de Galicia.**

Mediante escrito nº 234 do 1-2-94 comunicase, a este Consello de Contas, que o informe ó que se refire o artigo 132.5 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral, atópase pendente de que as forzas políticas concorrentes ás eleccións

autonómicas deán cumprimento ó disposto no artigo 46 da Lei autonómica 8/1985, de 13 de agosto. Neste senso remitíronse escritos números 224 a 228 con data do 2 de febreiro que se incorporan á documentación que se achega.

Os escritos dirixidos polo Presidente da Xunta Electoral de Galicia ós partidos políticos foron os seguintes:

- nº 224 do 3-2-94 ó Partido Popular
- nº 225 do 3-2-94 a Coalición Galega
- nº 226 do 3-2-94 ó PSdeG-PSOE
- nº 227 do 3-2-94 ó Bloque Nacionalista Galego
- nº 228 do 3-2-94 a Unidade Galega-Esquerra Unida

Así mesmo, a Xunta Electoral de Galicia comunicou a este Consello de Contas o nome dos Administradores Xerais dos partidos políticos, as contas correntes abertas nas Entidades Financeiras, os préstamos e créditos solicitados e a súa afectación á subvención, pero non remitiu o Informe do artigo 132 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

**- Xunta Electoral Provincial de A Coruña.**

Comunicou a relación de administradores electorais e as contas correntes abertas polas diferentes formacións políticas.

**- Xunta Electoral Provincial de Lugo.**

Manifesta que non consta ningunha irregularidade en materia de contabilidade electoral, comunicando as contas correntes abertas polas diferentes formacións políticas e a relación de administradores electorais.

**- Xunta Electoral Provincial de Ourense.**

Comunicou que non se observou ningunha infracción da normativa electoral sobre gastos electorais.

**- Xunta Electoral Provincial de Pontevedra.**

Manifesta que non levou a cabo actividade fiscalizadora ningunha.

**1.8.- LIMITACIÓNS.**

As limitacíons máis destacables foron as seguintes:

**a) Estados contables e contas rendidas.**

De conformidade co establecido no artigo 121-2 da Lei de Réxime Electoral Xeral, modificada pola Lei 8/1991 de 13 de marzo, o Partido Popular de Galicia, o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e o Bloque Nacionalista Galego presentaron a súa contabilidade non axustada completamente ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade, xa que se detectaron algúns errores de contabilización e falta de documentación contable, como se exporá en cada un dos apartados referentes a cada partido político.

**b) Contas bancarias en campaña.**

Ningunha formación política acompañou os extractos bancarios das contas bancarias (artigo 125 da Lei de Réxime Electoral Xeral) e foron solicitados por este Consello tanto ás Entidades Financeiras como ó Partido Popular, PSdeG-PSOE e Bloque Nacionalista Galego, remitíndoas posteriormente a este Consello de Contas.

**c) Colaboración de Terceiros.- Facturación e Préstamos.**

Respecto á colaboración de terceiros, esixida polo artigo 133-5º da Lei de Réxime Electoral Xeral, apreciase a non comunicación, a este Consello de Contas, da facturación realizada polas empresas que prestaron servicios ou subministraron bens por importe superior ó millón de pesetas, tendo este Consello circularizado a acredores e a provedores.

Igualmente este Consello de Contas circularizou ás Entidades Financeiras solicitando o importe dos préstamos ou créditos concedidos, extractos bancarios e liquidación de intereses e firmas autorizadas para o movemento de contas, e tódalas Entidades Financeiras remitiron a documentación requirida.

A Consellería de Economía e Facenda remitiu os datos e documentos solicitados sobre anticipos das subvencións públicas.

**d) Informes das Xuntas Electorais.**

Este Consello solicitou das Xuntas Electorais Provinciais e da Xunta Electoral de Galicia os informes emitidos sobre a actividade fiscalizadora levada a cabo en virtude do artigo 132.5 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño.

A Xunta Electoral de Galicia non remitiu o informe do artigo 132.5 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, tal como se detalla no apartado 1.6 deste informe.

## **2.- REGULARIDADE DAS CONTABILIDADES ELECTORAIS.**

O artigo único 47-2 da Lei Orgánica 8/1991, de 13 de marzo, de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral establece que a contabilidade se axustará, en todo caso, ós principios xerais contidos no vixente Plano Xeral de Contabilidade.

**2.1.- PARTIDO POPULAR.**

**2.1.1.- Información Económico-Financeira.**

Recibiuse a seguinte información:

- Informe de auditores privados.
  - Balance de situación ó 17-1-1994.
  - Conta de Ingresos e Gastos.
  - Notas explicativas ás contas de financiamento e gastos electorais.
  - Diario de movementos.
  - Maior.
  - Balance de sumas e saldos.
  - Xustificantes.
- Balance de situación ó 17 de xaneiro de 1994.

<b>Activo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 47.- Admóns Públicas, debedoras . . .	153.833.930
Conta 572.- Bancos . . . . . . . . . . . . . . .	39.495
<hr/>	
<b>Total Activo . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>153.873.425</b>
<hr/>	

<b>Pasivo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Superávit campaña electoral . . . . . . . . .	9.037.288
Conta 520.- Préstamos e outras débedas . . .	100.000.000
Conta 526.- Débedas por intereses . . . . .	6.096.137
Conta 400.- Provedores . . . . . . . . .	38.740.000
<hr/>	
<b>Total Pasivo . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>153.873.425</b>
<hr/>	

- Conta de Ingresos e Gastos (Explotación).

Debe (Gastos)	Importe en pesetas
Conta 621.- Alugamentos . . . . .	4.462.712
Conta 626.- Servicios bancarios e similares . . .	198.956
Conta 627.- Publicidade e Propaganda . . . .	131.170.979
Conta 629.1.- Transportes e locomoción . . . .	1.553.500
Conta 629.2.- Confección sobreas e papeletas . .	2.121.405
Conta 629.3.- Correspondencia e franqueo . . .	2.677.167
Conta 629.5.- Mailing . . . . .	43.740.000
Conta 629.6.- Sondaxes . . . . .	3.450.000
Conta 629.7.- Outros gastos . . . . .	1.347.750
Conta 640.- Soldos e salarios . . . . .	225.842
Conta 642.- Seguridade Social . . . . .	69.714
Conta 663.- Intereses de créditos . . . . .	6.096.137
<hr/>	
Sumas Debe . . . . .	<b>197.114.162</b>
Superávit campaña . . . . .	9.037.288
<hr/>	
<b>Total Debe . . . . .</b>	<b>206.151.450</b>
<hr/>	

Haber (Ingresos)	Importe en pesetas
Conta 740.- Subvencións oficiais . . . . .	189.151.305
Conta 741.- Subvencións de particulares . . . .	17.000.000
Conta 769.- Outros ingresos financeiros . . . . .	145
<hr/>	
Sumas Haber . . . . .	<b>206.151.450</b>
<hr/>	
<b>Total Haber . . . . .</b>	<b>206.151.450</b>
<hr/>	

As contas presentadas non se axustan completamente ás contas anuais dos modelos normais ou abreviados do Balance, Conta de Perdas e Ganancias e a Memoria do Plano Xeral de Contabilidade.

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

#### 2.1.2.- Recursos Financeiros.

1º).- Contabilizan na conta 740.- Subvencións oficiais a cantidad de Ptas.- 189.151.305.- comprensiva das seguintes partidas:

Data	Concepto	Nº asento	Haber
17.01.94	Subv. oficiais Escanos/Votos	117	143.287.925
17.01.94	Subvencións oficiais Mailing	118	45.863.380
Sumas . . . . .			189.151.305

A contrapartida foi a conta 47.- Facenda Pública-Debedora, entendendo, a xuízo deste Consello de Contas, que non se deberían contabilizar desa forma, xa que, en principio, as subvencións non estarán devengadas ata que a Xunta aprobe a citada adxudicación e o Parlamento aprobe previamente o crédito extraordinario (artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, e artigo 4º da Lei 10/1993, de 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia) e ata que a subvención sexa concedida por un acto administrativo, non procedería contabilizala como ingreso, aínda que este criterio non é o mantido polo Tribunal de Cuentas, para situacións similares.

Nembargantes, e co fin de evita-lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

2º).- Ó obter representación nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia, requisito que sinala o artigo 45.1 da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia para poder percibilo antícpo da subvención, pola Xunta de Galicia outorgouse dito antícpo por importe de Ptas.- 35.317.375, coincidente co 30% da subvención percibida nas eleccións do 17 de decembro de 1989, contabilizánda con cargo á conta 572.- Banco Central Hispano e abono á conta 47.- Facenda Pública Debedora, entendendo que sería máis correcto a utilización dunha subconta de abono correspondente á conta 740.- Subvencións oficiais á explotación, xa que a conta 470.- Facenda Pública, debedor por diversos conceptos ten natureza debedora e non acredora, e xa que logo o antícpo a conta da subvención é un ingreso e debería contabilizarse no subgrupo 74.- Subvencións á explotación e non nunha conta de Balance.

Nembargantes, como no caso anterior, e co fin de evita-lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

3º).- A conta 741.- Subvencións de particulares por importe de 17.000.000 de pesetas, recolle as aportacións de particulares, estando todos identificados e non superando a cantidade de 1.000.000 de pesetas, de acordo co establecido no artigo 129 da Lei 5/1985.

4º).- A conta 520.- Préstamos e outras débedas recolle dúas pólizas de préstamo formalizadas co Banco Pastor na O.P.

de Santiago co seguinte detalle:

Data	Vencemento	Capital	Interese	T.A.E.	Garantía
11-11-93	11-5-94	50.000.000	13%	13,85%	Prendaria
23-12-93	11-5-94	50.000.000	13%	13,89%	Prendaria

O Partido Popular cede a título de garantía prendaria o dereito ó cobro das subvencións, peñorando as que lle poidan corresponder a favor do Banco Pastor.

5º).- A conta 769.- Outros ingresos financeiros recolle un abono de Ptas .- 145, correspondente ó abono de intereses do Banco Central Hispano.

6º).- A conta 400.- Provedores presenta un saldo acreedor de Ptas.- 38.740.000.-H correspondente á empresa Impacta S.L., pendente de pago na data de elaboración deste informe, contravindo o artigo 125.3 da Lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, que establece un prazo máximo de noventa días desde a data de celebración de eleccións para realiza-lo pago.

7º).- A conta 526.- Intereses a corto prazo, presenta un saldo acreedor de Ptas.-6.096.137, correspondente ós intereses non vencidos a pagar ó Banco Pastor.

#### **2.1.3.- Gastos Electorais.**

En relación coa regularidade e adecuación dos gastos electorais ás prescripcións da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987 de 2 de abril, 8/1991 do 13 de marzo e 6/1992 de 2 de novembro; e da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, contabilizáronse gastos por importe total de Ptas.- 197.114.162, sen separación dos que corresponden a operacións

ordinarias de campaña dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais (Mailing).

De acordo co apartado 3.1 e 3.2 da Memoria do Partido Popular, e tendo en conta a alegación quinta do Partido Popular, a separación das contas dos gastos ordinarios de campaña e de Mailing é a seguinte:

**Importe en pesetas**

- Gastos de envíos electorais (Mailing) . . . . . 48.538.572

Conta 629.2.....Ptas.- 2.121.405  
Conta 629.3.....Ptas.- 2.677.167  
Conta 629.5.....Ptas.- 43.740.000

---

- Gastos ordinarios de campaña electoral . . . . 148.575.590

Conta 621.....Ptas.- 4.462.712  
Conta 626.....Ptas.- 198.956  
Conta 627.....Ptas.- 131.170.979  
Conta 629.1.....Ptas.- 1.553.500  
Conta 629.6.....Ptas.- 3.450.000  
Conta 629.7.....Ptas.- 1.347.750  
Conta 640.....Ptas.- 225.842  
Conta 642.....Ptas.- 69.714  
Conta 663.....Ptas.- 6.096.137

---

Suma total gastos . . . . . . . . . . . 197.114.162

---

Respecto ós gastos, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

1º).- Os gastos da conta 663.- Intereses de créditos por importe de Ptas.- 6.096.137, contabilizáronos como provisión de intereses, co seguinte detalle:

Data	Capital	Data cálculo	Días	Intereses
11-11-93	50.000.000	23-12-93	42	747.945
23-12-93	100.000.000	21-03-94	88	3.134.247(1)
21-03-94	35.520.424	12-09-94	175	2.213.945
-----				Suma total                    6.096.137
-----				

(1) En virtude da alegación séptima presentada polo Partido Popular substitúese a cantidad de Ptas.- 3.314.247 pola de Ptas.- 3.134.247 por corresponder a troco de números.

De acordo co que determina o artigo 130-g da Lei 5/1985 modificado polo artigo único, apartado 49º da Lei 8/1991, considéranse gastos electorais os intereses dos créditos recibidos para a campaña electoral, devengados ata a data de percepcción da subvención correspondente, data indeterminada, polo que sería máis correcto contabilizalos ata a data de vencemento das pólizas de préstamo, de acordo co seguinte detalle:

Data	Capital	Data vto.	Días	Tipo de Interese	
				Póliza	Interese
11-11-93	50.000.000	11-05-94	181	13%	3.268.056
23-12-93	50.000.000	11-05-94	139	13%	2.509.722
-----				Suma total . . . . .	5.777.778
-----					

Do total de intereses de Ptas.- 6.096.137, soamente se debería contabilizar como gasto o importe de Ptas.- 5.777.778, calculado ata o vencemento das pólizas de préstamo do Banco Pastor, pero por se-la data da percepción da subvención indeterminada, acéptase a totalidade dos citados intereses, xa que non afecta á liquidación da subvención a percibir por se-lo importe de gastos regulares xustificados superior á subvención máxima.

2º).- Os gastos de persoal (nóminas) foron mal contabilizados, xa que se rexistraron polo importe líquido na conta 640.- Soldos e Salarios, contabilizándose separadamente na citada conta a cota obreira da seguridade social e a retención do I.R.P.F., contravindo as normas do vixente Plano Xeral de Contabilidade, xa que non se utilizou a conta 476.- Organismos da Seguridade Social, Acredores nin a conta 4751- Facenda Pública Acredor por retencións practicadas.

Así mesmo, a nómina dunha contratada figura imputada como gasto únicamente o mes de outubro de 1993, sendo o seu contrato desde o 15-9-93 ó 30-10-93 e a base de cotización que figura tanto na nómina como no modelo TC2 de cotización á Seguridade Social é superior en 10.200.- Ptas. á base que utiliza a Asesoría Laboral Fisela S.L. para o cálculo das cotas patronais e obreiras.

Tampouco son coincidentes os importes retidos en nómina por I.R.P.F. cos liquidados a Facenda no modelo 110 e 190, sendo superiores os liquidados a Facenda, polo que se deduce que a citada traballadora estivo prestando servicios durante máis tempo, e non se separou axeitadamente o gasto imputable como gasto electoral a efectos da liquidación do I.R.P.F. dos gastos ordinarios do partido.

3º).- Así mesmo detectáronse as seguintes incidencias:

- Factura nº 3891 de Sada Palace Hotel, do 21-12-93, por importe de Ptas.- 124.656, foi expedida fóra do prazo establecido no artigo 125.4 da Lei 5/1985. (Non se acepta como gasto regular xustificado).

- Factura nº 11.347 do Restaurante La Tacita de Juan de Santiago, por importe de Ptas.- 530.000, carece de data, pagada por cheque do Banco Central Hispano de data 17-10-93. (Non se acepta como gasto regular xustificado).

- Factura nº 225 de Benizio, por importe de Ptas.- 575.000, carece de data. (Non se acepta como gasto regular xustificado).

- Factura do Servicio Municipal de Deportes de Ourense por importe de Ptas.- 230.000 non ten C.I.F., pero acéptase por tratarse dunha institución pública do Excmo. Concello de Ourense.

4º).-O total de gastos non considerados regulares por este Consello de Contas ascende a Ptas.- 1.229.656.

En virtude do anteriormente exposto, considéranse gastos xustificados os seguintes:

- Gastos ordinarios de campaña electoral . .	147.345.934
- Gastos envío directo de sobres e papeletas, publicidade e propaganda a electores (Mailing)	48.538.572
<hr/>	
<b>Total gastos regulares debidamente xustificados . . . . . . . . . . . . . . . . . .</b>	<b>195.884.506</b>
<hr/>	

O importe debidamente xustificado representa o 99,38% do total de gastos contabilizados.

Respecto á centralización de pagos nas contas correntes de campaña, esixida no artigo 125 da Lei de Réxime Electoral Xeral e no artigo 43.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, observouse a utilización dos préstamos no Banco Pastor e a conta operatoria no Banco Central Hispano.

#### 2.1.4.- Límite máximo de gastos.

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 1.5 deste informe, ascendendo a Ptas.- 163.900.140, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscripcións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de Ptas.- 45.863.380 (2.293.169 electores por 20 Ptas por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos Contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios de campaña	148.575.590	163.900.140
Gastos envíos electorais (Mailing)	48.538.572	45.863.380 (1)
<b>Sumas Totais</b>	<b>197.114.162</b>	<b>209.763.520</b>

(1) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados son inferiores ó límite legalmente previsto.

#### **2.1.5.- Incumprimento de Terceiros.**

Ningunha das empresas que facturaron por gastos electorais importes superiores ó millón de pesetas, segundo a contabilidade aportada polo Partido Popular, cumpriron coa obriga do artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Xeral Electoral, de comunicar ó Consello de Contas a prestación realizada.

A relación destas empresas é a seguinte:

Artes Gráficas Portela S.A. . . . . . . . . . .	2.121.405
Carat Galicia S.A. . . . . . . . . . . . . . . .	71.651.293
Club de Empresas y Congresos Clemycon S.L. . . .	5.003.500
Santos Díaz López . . . . . . . . . . . . . . . .	1.370.000
Formación, Comunicación e Servicios S.A. . . . .	1.495.000
Galicia Editorial S.A. . . . . . . . . . . . . . .	17.389.700
Imagen Corporativa S.L. . . . . . . . . . . . . .	8.050.000
Impacta S.L. . . . . . . . . . . . . . . . . . . .	43.740.000
Iniciativas Audiovisuales S.L. . . . . . . . . . .	6.126.050
Intergallup S.A. . . . . . . . . . . . . . . . . .	3.450.000
J. J. del Río S.L. . . . . . . . . . . . . . . . .	1.151.150
K.S. & Partners S.A. . . . . . . . . . . . . . .	11.500.000
La Parra de Eva S.L. . . . . . . . . . . . . . .	6.325.000
Normark S.A. . . . . . . . . . . . . . . . . . .	1.725.000
T. M. S. Tratamiento de Sistemas S.L. . . . . .	1.150.000
<hr/>	
Suma total . . . . . . . . . . . . . . . . . .	182.248.098
<hr/>	

Esta facturación equivale ó 92,45% dos gastos totais declarados e contabilizados polo partido.

Este Consello circularizou ás citadas empresas, obtendo o seguinte resultado:

Tódalas empresas detalladas, contestaron ó requerimento deste Consello de Contas.

Ademais circularizouse á empresa Benizio cunha facturación de Ptas.- 575.000, por carece-la factura de data, non contestando ó requerimento deste Consello de Contas.

#### **2.1.6.- Límite máximo da subvención.**

Como xa foi exposto no apartado 1.4 deste informe, de acordo co que determina o artigo 44 da Lei 8/1985, modificado polo artigo 10 da Lei 15/1992, e en concordancia co artigo único, apartado 58º da Lei 8/1991, de Réxime Electoral Xeral, hai dous tipos de subvencións:

**a).- Suxeitas ó límite.**- Formada pola suma dos importes correspondentes a 2.000.000 de pesetas por escano e 75 pesetas por voto.

**b).- Non suxeita ó límite.**- Formada por 20 pesetas polo número de electores.

Mediante Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (D.O.G. nº 164, xoves, 26 de agosto de 1993) determináronse as citadas contías.

No D.O.G. nº 217, xoves, do 11 de novembro de 1993, publicase a Resolución de 3 de novembro de 1993 da Xunta Electoral de Galicia, pola que se fan públicos os resultados

xerais e por circunscripcións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17 de outubro de 1993.

En virtude do anteriormente exposto, resultan as seguintes contías:

**a).- Subvención suxeita ó límite.**

Por 43 escanos a 2.000.000 de pesetas . . . . .	86.000.000
Por 763.839 votos a 75 pesetas . . . . .	57.287.925
<b>Total subvención suxeita ó límite . . . . .</b>	<b>143.287.925</b>

**b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).**

É a subvención por electores para o envío de sobres e papeletas, publicidade e propaganda (Mailing), sendo esta subvención destinada únicamente para os partidos que obtiveron representación parlamentaria.

Por 2.293.169 electores a 20 pesetas . . . . .	45.863.380
<b>Total subvención non suxeita ó límite . . . . .</b>	<b>45.863.380</b>

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite . . . . .	143.287.925
b) Subvención non suxeita ó límite . . . . .	45.863.380
<b>Límite máximo da subvención . . . . .</b>	<b>189.151.305</b>

Este límite máximo da subvención de Ptas.- 189.151.305.- queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co que determina o artigo 127 da Lei 5/1985, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora (redactado conforme á Lei Orgánica 1/1987, de 2 de abril).

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontarase o anticipo recibido a conta.

Partido Popular	Gastos Contabilizados	Gastos regulares xustificados	Límite da subvención	Proposta de subvención	Anticipo de subvención	Líquido a percibir
Votos e escanos Electores	148.575.590 48.538.572	147.345.934 48.538.572	143.287.925 45.863.380	143.287.925 45.863.380	35.317.375 —	107.970.550 45.863.380
Sumas Totais	197.114.162	195.884.506	189.151.305	189.151.305	35.317.375	153.833.930

A proposta de subvención para o Partido Popular é de Ptas.- 189.151.305.- que descontado o anticipo recibido a conta de Ptas.- 35.317.375.-, resulta un líquido a percibir de Ptas.-153.833.930.

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a Ptas.- 153.833.930.

#### 2.1.7.- Proposta.

O Consello de Contas, respecto á subvención cuantificada no apartado anterior, resolve non formular ningunha das propostas do artigo 47.3 da Lei 8/1985, de 13 de agosto e do artigo 134.2 da Lei Orgánica do Régime Electoral Xeral.

#### 2.1.8.- Conclusións.

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no

presente informe, dedúcense as seguintes conclusóns:

1ª).- Non se deberían contabiliza-las subvencións esperadas dos resultados electorais como ingresos, xa que non están devengadas ó estar pendentes de adxudicación por un acto administrativo (artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro).

Nembargantes, a entrega a conta da subvención non se contabilizou como ingreso a pesar de estar concedida e transferida.

As citadas contabilizacións das subvencións alteran o resultado económico da contabilidade.

Nembargantes, como no caso anterior, e co fin de evitar o confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

2ª).- Deben separarse axeitadamente os gastos ordinarios da campaña electoral dos gastos de envíos electorais (Mailing) co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.

3ª).- Os gastos de persoal deben contabilizarse polo importe integral e non polo líquido.

Así mesmo, as liquidacións do I.R.P.F. e Seguridade Social dos gastos electorais deben ser independentes das operacións ordinarias do partido.

4ª).- Deberán esixir dos Provedores e Acredores que presenten as súas facturas con tódolos requisitos legais,

fiscais e mercantís (nº de factura, data, I.V.E., concepto, etc.) para poder xustificarse como gastos regulares.

5ª).- Os modelos das contas dos ingresos e gastos electorais deberán axustarse completamente ós modelos das contas anuais do Plano Xeral de Contabilidade (Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria).

#### 2.1.9.- Opinión.

1º).- Auditamos as contas electorais do Partido Popular, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17-10-1993, que comprenden o Balance de situación ó 17-1-94, a conta de Perdas e Ganancias (conta de ingresos e gastos) e a Memoria, correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscalizar os ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención á Xunta de Galicia, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificados ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó Partido Popular de acordo cos seus resultados electorais.

3º).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º).- As salvidades cuantificadas e os principios e

normas contables xeralmente aceptadas que se incumpriron quedan expostos nos apartados 2.1.2.- Recursos financeiros e 2.1.3.- Gastos electorais.

Así mesmo, a conta de perdidas e ganancias non se axusta ó modelo do Plano Xeral de Contabilidade.

5º).- Na nosa opinión, excepto polos efectos das salvidades anteriores, as contas electorais adxuntas expresan na área de gastos tódolos aspectos significativos que contén a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

Descoñecemos se os estados financeiros adxuntos gardan ou non uniformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados aplicados en eleccións anteriores, ó ser este o primeiro informe de contas electorais que realiza o Consello de Contas.

6º).- A proposta de subvención para o partido ascende a Ptas.- 189.151.305, que descontado o anticipo a conta de Ptas.- 35.317.375, resulta un líquido a percibir de Ptas.- 153.833.930.

#### **2.1.10.- Alegacións**

De acordo co que determina o artigo 58-a do Regulamento de Régime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento do Partido Popular o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

##### **a) Alegacións formuladas polo Partido Popular.**

Axúntanse as citadas alegacións como anexo ó final do apartado 2.1.10.

**b) Contestación ás alegacións formuladas polo Partido Popular.**

**Primeira.-** Na fiscalización da contabilidade dos ingresos e gastos electorais das eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia o 17 de outubro de 1993, este Consello de Contas aplicou o criterio de que a subvención non está devengada ata que pola Administración Autonómica se dicte o correspondente acto administrativo de concesión, e non a data en que a Xunta Electoral de Galicia fai oficiais os resultados electorais.

Este criterio do devengo da subvención baseouse nos seguintes principios e normas:

**1º.-** O Plano Xeral de Contabilidade da empresa privada, aprobado por Real Decreto 1643/1990, de 20 de decembro, no subgrupo 74-Subvención á Explotación, defíneas como as concedidas polas Administracións Pùblicas, empresas ou particulares co obxecto, polo xeral, de asegurarllles a estas unha rendibilidade mínima ou compensar <<déficits>> de explotación; neste caso coa finalidade de compensa-los gastos producidos pola campaña electoral.

Para poder contabiliza-las subvencións esíxese polo Plano Contable que a subvención estea concedida, para o que é necesario un acto administrativo de concesión por parte da Administración Autonómica.

**2º.-** Por outra banda, o artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro,

de Eleccións ó Parlamento de Galicia, establece que:

"Dentro do mes seguinte á remisión a que se refire o apartado anterior, a Xunta de Galicia presentará ó Parlamento o Proxecto de crédito extraordinario polo importe das subvencións a adxudicar, que deberán facerse efectivas dentro dos cen días posteriores á aprobación pola Cámara".

Esto implica que a obtención duns resultados electorais por un partido político é un requisito necesario pero non suficiente para ter dereito sen máis á subvención, xa que ademais se esixen os seguintes requisitos:

a) Xustificación polos Partidos dos seus gastos electorais.

b) Pronunciamento do Consello de Contas sobre a regularidade das contabilidades electorais.

c) O Consello de Contas realizará unha proposta de adxudicación ou reducción da subvención a obter da Comunidade Autónoma para o partido, coalición, federación ou agrupación implicada.

d) A Xunta de Galicia, unha vez recibido o informe do Consello de Contas, presentará ó Parlamento de Galicia o Proxecto de Lei de Crédito Extraordinario polo importe da subvención máxima a adxudicar.

En definitiva a subvención non estará adxudicada, e polo tanto devengada e cuantificada, ata que o Parlamento aprueba a Lei do crédito extraordinario.

Por outra banda, o que a subvención non sexa graciabla non quiere dicir que non estea suxeita a un acto

administrativo de concesión, pois sen o acto administrativo de concesión non existe subvención concedida, que é o criterio que recolle o Plano Xeral de Contabilidade para a empresa privada e o borrador do Plano Xeral de Contabilidade para a Administración Pública, así como tódalas instruccions de contabilidade da Administración do Estado.

Nembargantes, e co fin de evita-lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

**Segunda.-** O anticipo a conta concedido pola Xunta ós Partidos Políticos polo importe do 30% da subvención concedida nas últimas eleccións (artigo 45.1 da Lei 8/1985), debe contabilizarse como un ingreso e non nunha conta de balance polos seguintes motivos:

1º.- O anticipo ó adianto da subvención é reintegrable na contía en que supere o importe definitivo da subvención, polo que o anticipo de subvención ten que contabilizarse como un ingreso e non nunha conta de balance, xa que é unha subvención concedida e transferida con carácter de reintegrable no suposto de non obter, o partido político, representación parlamentaria suficiente.

2º.- O anticipo foi concedido pola Administración Autonómica (Xunta de Galicia) como transferencia corrente, con cargo á aplicación presupostaria 04.09.131B.480, contabilizándoo como subvencións concedidas con cargo ó presupuesto de gastos da Consellería da Presidencia e Administración Pública do exercicio 1993. É un gasto para o Ente Concedente e un ingreso para o Ente Beneficiario.

Neste senso o borrador documento 4 de Principios

Contables Pùblicos de Transferencias e Subvencions, cando se refire ás subvencions de explotación, participa deste mesmo criterio.

Sen prexuízo do exposto anteriormente, este Consello de Contas estima que tanto o Partido Popular, como o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e o Bloque Nacionalistas Galego, contabilizaron as subvencions co criterio de reflecti-la imaxe fiel, xa que a súa interpretación baseouse na do Tribunal de Cuentas, aínda cando en virtude das alegacions formuladas e para evita-lo confusionismo que puidera producilo mantemento dun criterio sustentado ata o momento polo Tribunal de Cuentas, acéptase este último, polo que este Consello de Contas modifica o punto 5º dos apartados 2.1.9, 2.2.9 e 2.3.9, do anteproxecto do informe ó existir distintos criterios de interpretación respecto á data do devengo das subvencions e a contabilización dos anticipos a conta, o que altera o resultado económico das contabilidades electorais.

No punto 5º dos apartados 2.1.9, 2.2.9 e 2.3.9 do anteproxecto do informe suprímese o seguinte texto:

"... pero non así na área de ingresos, polo que non representan a imaxe fiel da situación económica-financeira electoral do partido, aínda que..."

Como consecuencia do exposto anteriormente, suprímese o punto 8º do apartado 2.1.2 do Partido Popular, o punto 6º do apartado 2.2.2. do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE e o punto 5º do apartado 2.3.2. do Bloque Nacionalista Galego, que textualmente para os tres partidos di:

"En virtude do anteriormente exposto, no punto 1º e 2º deste apartado, incumpríronse os seguintes principios contables:

- Principio de prudencia
- Principio de rexistro
- Principio de devengo
- Principio de correlación de ingresos e gastos".

**Terceira.-** O artigo 125.3 da Lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral establece un prazo máximo de 90 días dende a data de celebración das eleccións para realizar o pago, polo que na data de elaboración do anteproxecto do informe á empresa Impacta S.L. debíanlle ptas.- 38.740.000.-, polo que entende este Consello de Contas que a débeda non estaba extinguida, xa que aínda que existe a peñoración da subvención realizada no Banco Central-Hispano por ptas.- 38.740.000.- a favor da Empresa Impacta S.L. non consta na mesma a aceptación pola citada empresa e ademais a peñoración da subvención constitúe unha garantía en favor do acreedor (Impacta S.L.) pero non a extinción da obriga de pago nin polo tanto da débeda.

En virtude do exposto mantense o texto do anteproxecto do informe.

**Cuarta.-** Tendo en conta o criterio de contabilización das subvencións deste Consello de Contas, as contas electorais debérонse presentar con perdas, e precisamente as subvencións son para cubrir ou enxugar as perdas producidas polos gastos electorais, polo que os principios incumpridos prodúicense como consecuencia da contabilización das subvencións.

Non obstante, como se indica na contestación á alegación segunda, suprímese do informe definitivo.

**Quinta e Sexta.-** Acéptanse as súas alegacións e rectifícase a distribución de gastos do anteproxecto do

informe, representando un aumento da subvención de ptas.- 1.975.-, diferencia entre ptas.- 45.861.405.- e ptas.- 45.863.380.-

Na distribución de gastos considérase a distribución efectuada polo Partido Popular na Memoria no apartado 3.2.

Nembargantes, recoméndase que para futuras eleccións, na contabilidade se separe axeitadamente os gastos ordinarios de campaña dos do Mailing, co fin de facilita-la fiscalización dos gastos e poder determina-las contías dos tipos de subvencións a percibir.

O aumento da subvención de ptas.- 1.975.- corríxese en tódolos apartados do anteproxecto do informe (2.1.3, 2.1.4, 2.1.6 e 2.1.9) e nos cadros afectados pola distribución de gastos (páxina 31 do anteproxecto do informe e apartado 3º.- Declaración de gastos regulares xustificados).

**sétima.-** En virtude da súa alegación, modifícase a páxina 32 do anteproxecto do informe, substituíndo a cantidade de ptas.- 3.314.247.- pola de ptas.- 3.134.247.-, suprimíndose o parágrafo da diferencia de ptas.- 180.000.- e o parágrafo correspondente á diferencia de intereses bancarios de ptas.- 318.359.- (non se debía considerar gastos regular a diferencia de ptas.- 318.359.-).

Ó sela data de percepción da subvención indeterminada, acéptanse tódolos intereses, como xa quedou exposto no anteproxecto do informe deste Consello de Contas.

O Consello de Contas fixo o cálculo ata a data do vencemento das pólizas porque é o soporte documental contable, xa que descoñece as futuras renovacións de pólizas no momento de elaborar o informe.

**Oitava.-** Non se acepta a súa alegación, xa que as nóminas teñen que contabilizarse polo íntegro e non polo líquido.

**Novena.-** Non se acepta a súa alegación, xa que non se trata de ser restrictivo, senón de que se cumpran os prazos establecidos no Artigo 125.4. da Lei de Réxime Electoral Xeral.

**Décima.-** Non podemos aceptar a súa alegación ó non se ter subsanado o defecto das citadas facturas.

**Décimo primeira.-** Circularizouse á Empresa Benizio a pesar de ter unha facturación inferior ó millón de pesetas, xa que a súa factura ascende a ptas.- 575.000.-; e non contestou ó requerimento do Consello de Contas, polo que se modifica o último parágrafo da páxina 36 do anteproxecto do informe polo seguinte texto:

"As citadas empresas contestaron o requerimento deste Consello de Contas.

Ademais circularizouse á Empresa Benizio cunha facturación de ptas.- 575.000.-, por carece-la factura de data, non tendo contestado ó requerimento deste Consello de Contas".

**Décimo segunda.-** Suprímese o punto 6º do apartado 2.1.8 do partido Popular da páxina 40 do anteproxecto do informe, por estar incluído no punto 9º do apartado 4º de recomendacións.

Asemade suprímese o punto 9º do apartado 2.2.8 do Partido dos Socialistas de Galicia e o punto 4º do apartado 2.3.8 do Bloque Nacionalista Galego, por estar incluído no

punto 8º do apartado 4º de recomendacións.

Os citados puntos son iguais para os tres partidos políticos (P.P., P.S.O.E.-P.S.G. e B.N.G.) que dicían:


"Ó contratar con provedores e acredores subministros, compras ou servicios superiores ó millón de pesetas, deberán comunicarlles a obriga legal do artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, de comunicarlle ó Consello de Contas a prestación realizada."

**Décimo terceira.-** Acéptase a alegación formulada polo Partido Popular e suprímese en tódolos apartados do anteproxecto do informe o referente o cadre de financiamento.

**Décimo cuarta.-** Modifícase a proposta de subvención con un aumento de ptas.- 1.975.- (mil novecentas setenta e cinco) como quedou expresado na contestación ás alegacións quinta e sexta.

Asemade recóllese a distribución de gastos utilizada na Memoria no apartado 3.2 do Partido Popular.

No seu conxunto total non alteran os gastos contabilizados, modificando os gastos regulares xustificados, cunha incidencia en maior importe da subvención de ptas.- 1.975.-, como quedou exposto nas contestacións ás alegacións quinta e sexta.



## Ó CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA

José Angel Piñeiro López, D.N.I. 35.251.289, en calidade de Administrador Xeral da campaña electoral das eleccións autonómicas de 1.993 ó Parlamento de Galicia do Partido Popular, ante ese Consello comparece e como mellor proceda:

DI:

Con data do 20 de abril de 1.994 recibiu o anteproxecto para alegacións sobre o informe de fiscalización das eleccións celebradas ó Parlamento de Galicia o día 17 de outubro de 1.993. A dito anteproxecto de informe, co maior respeito, presenta as seguintes

### **ALEGACIONES:**

**Primeira.-** Na nosa opinión a subvención devéngase no momento que nace o dereito a percibi-la e que corresponde coa data na que a Xunta Electoral fai oficiais os resultados das eleccións.

A Lei 8/1985, de 13 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, de normativa electoral, no seu artigo 44 di que a Comunidade Autónoma subvencionará os gastos electorais segundo determinadas regras. O tempo do verbo, subvencionará, non deixa dúbidas, cumplíndose os requisitos expresados nas regras que menciona o artigo 1 (obtención de escanos) nace o dereito a percepción da subvención e, en consecuencia, devéngase. A subvención non é graciável e polo tanto non está suxeita ó acto administrativo de concesión, moi o contrario, é un mandato. O acto administrativo de concesión da subvención só representa o cumprimento dese mandato da Lei Electoral.

**Segunda.-** O artigo 45.3 da Lei Electoral e tallante ó expresar que os anticipos teñen que reintegrarse na cuantía na que superen o importe da subvención. O anticipo, polo exposto, está suxeito ó nacemento do dereito a percibi-la subvención i, en consecuencia, entendemos débese rexistrar nunha conta de balance ata que se devenga a mesma, e polo tanto non se pode contabilizar coma un ingreso xa que poderíase considerar un incumprimento do principio de prudencia.

Esta interpretación coincide coa do Tribunal de Cuentas, tal como se pode ver na fotocopia que se adxunta.

O feito de rexistralo no momento de cobro nunha conta de Facenda Pública Debedora e non nunha acredora podese considerar incorrecta, pero o efecto e nulo, xa que posteriormente habería que traspasalo a debedora. O Plano Xeral de Contabilidade non é obligatorio nas suas segunda e terceira partes, relativas o cadre de contas e as suas relacións, polo que non existe incumprimento e si existe un aforro operativo sin significación na derradeira presentación. Por outra banda a Lei Electoral só fai referencia a unha contabilidade detallada e documentada e de acordo con principios de contabilidade xeralmente aceptados.

**Terceira.-** O artigo 125.3 da Lei Xeral Electoral di que rematada a campaña electoral só se podrán dispor dos saldos de esas contas para pagar nos noventa días seguintes ó da votación, gastos electorais previamente contraídos. A disposición do saldo, no noso parecer, realizase o 15 de outubro de 1.993, xa que o pignorar parte da subvención débese interpretar como unha dacción en pago e polo tanto extinción da débeda.

**Cuarta.-** Entendemos que non existe incumprimento dos principios de prudencia, rexistro e devengo polo expresado nas alegacións primeira e segunda, ó expor a determinación de cando nace o dereito á subvención.

En canto ó principio de correlación de ingresos e gastos, dado que nos puntos 1º e 2º do escrito do Consello de Contas non se mencionan cales son os gastos que non corresponden cos ingresos e viceversa, na nosa opinión, non existe incumprimento do principio.

**Quinta.-** Nas notas 3.1 e 3.2 ás contas de financiación e gastos electorais figura a distribución dos gastos derivados co envío directo e personal de sobres, papeletas e propaganda electoral, e os restantes gastos electorais. Na nosa opinión, os gastos derivados do "mailing" non cubertos coa subvención específica son gastos electorais normais, por iso o desglose que se fai na nota 3.1 antedita.

**Sexta.-** No artigo 44 da Lei Electoral 8/1985, modificada pola Lei 15/1992 de 30 de decembro, dise que ademáis das subvencións por escanos e votos, a Comunidade Autónoma subvencionará ós partidos, federacións, coalicións e agrupacións de electores cos gastos ocasionados polo envío directo e persoal ós electores de sobres e papeletas electorais ou de propaganda e publicidade electoral a razón de vinte pesetas por elector, sempre que a candidatura de referencia acade representación. Na nosa opinión, tamén se deben considerar coma tales gastos os de franqueo para o envío de propaganda electoral, segundo a nosa interpretación do devandito artigo 44 e segundo o acordo da Junta Electoral Central de data 29 de abril de 1.991 (acordo en canto o alcance das subvencións por envío de propaganda electoral, no que se cita coma xustificación a aportación de factura da empresa coa que se contrate, ou ben o servicio de correos, ou por calesquera outro medio suficiente en derecho).

Polo tanto, deben ser considerados como gastos afectos a esta subvención específica o xustificante número 4 (emitido pola Intervención de Facenda figurando como concepto o envío de propaganda electoral, eleccions autonómicas, outubro 1.993) de 2.520.000 pesetas, e o xustificante número 9 (emitido pola Xefatura Provincial de Correos e Telégrafos) por importe de 157.167 pesetas.

**Séptima.-** Non existe erro de suma, senón só un troco de números, xa que onde di 3.314.247 pesetas debería dicir 3.134.247 pesetas, o que non afecta á suma total, que sí esta correctamente calculada.

Os préstamos foron solicitados con data de vencemento determinada, anterior á utilizada para a determinación dos intereses, co fin de que, existindo unha convicción da necesidade de renovalos, acadar unha reducción dos intereses pola tendencia á baixa dos tipos aplicables.

Ó non utilizar os vencementos en función das datas previstas de cobro da subvención acadaría un incumprimento do principio de prudencia, ó non evaluar correctamente os riscos de gasto previsibles. E mais, no cálculo consideróuse o cobro parcial da subvención en función da normativa da Lei Electoral Xeral, ó entender que é de aplicación, de acordo coa disposición adicional da Lei 8/85, o que, ó non cumplirse, incide nun incremento dos gastos por este concepto.

**Octava.-** Os gastos de persoal recollen os soldos e salarios e a carga social correspondente ás persoas contratadas específicamente para a campaña electoral, en función do tempo que se adicaron ós traballos exclusivamente do período electoral.

O figurar desglosados os conceptos de soldos e salarios polo neto e as retencíons e deduccións incrementando este neto, non supón incumprimento das normas do Plano Xeral de Contabilidade, xa que, como xa se dixo anteriormente, as partes segunda e terceira, do cadro de contas e relacións contables, non son de carácter obligatorio.

O feito de non utilizar as contas de Facenda Pública Acreadora e Organismos da Seguridade Social Acredores para recoller as retencíons e deduccións practicadas débese á carencia de personalidade xurídico-fiscal, por si mesma, da campaña electoral, e polo tanto, o debedor (Partido Popular) por este concepto ante a Facenda Pública e a Seguridade Social é quen as recolle na sua contabilidade.

**Novena.-** Na nosa opinión o artigo 125.4 refirese as reclamacións de gastos feitas fora de prazo, pero non ás facturacións emitidas fora de prazo cando exista a contracción e o recoñecemento do debedor da misma con anterioridade, e máxime cando na mesma factura especifícase a data concreta (17/10) da prestación do servicio. O mesmo artigo o conferir á Junta Electoral Central a admisión de excepcións no suposto das reclamacións parece querer non ser tan restrictivo nesta cuestión formal.

**Décima.-** É certa a carencia de data nas facturas de Restaurante La Tacita Soly- Juan, S.L. y M<sup>a</sup> Benizia González Estévez, nembargantes existe a descripción concreta do concepto, é polo tanto determinable a data. Entendemos que se debería considerar coma un defecto subsanable e non como un incumprimento da xustificación do gasto.

**Décimoprimeira.-** Na nota 2.1.5 de incumprimento de terceiros mencionase a non contestación de Benizio, cando na relación de empresas circularizadas non se inclue a mesma, polo que entendemos é un erro de transcripción.

**Décimosegunda.-** Os puntos 1-a 5 das conclusións quedaron respostados nas anteriores alegacións. En relación co punto 6 entendemos é só unha recomendación.

**Décimoterceira.-** En relación co punto 4º da opinión, ó mencionar o cadre de financiamento, ó noso entender non é necesario, xa que se limita únicamente a unha variación do capital circulante, ó non existir recursos nin aplicacións a longo prazo, e, o partir de saldos nulos en tódalas contas, convírtese no balance de situación. Por outra banda, ainda que se admitise a obrigatoriedade do Plan Xeral de Contabilidade (coa excepción das suas partes segunda e terceira), o mesmo sería aplicable nos seus modelos abreviados de contas anuais, e polo tanto non sería necesaria a inclusión do cadre de financiamento.

**Décimo cuarta.-** Tendo en conta o expresado nos apartado anteriores, os gastos xustificados son os seguintes:


Conceptos	Gastos ordinarios da campaña electoral	Gastos de envio directo de sobres e papeletas. publicidade e propaganda a electores	Gastos totais
Segundo o Consello de Contas	150.023.101	45.861.405	195.884.506
Segundo a alegación quinta	(2.677.167)	2.677.167	0
<b>Suma y sigue</b>	<b>147.345.934</b>	<b>48.538.572</b>	<b>195.884.506</b>
Alegación novena	124.656		124.656
Alegación décima	1.105.000		1.105.000
<b>Total</b>	<b>148.575.590</b>	<b>48.538.572</b>	<b>197.114.162</b>
<b>Límite de gastos</b>	<b>163.900.140</b>	<b>48.538.572</b>	
<b>Límite subvención</b>	<b>143.287.925</b>	<b>45.863.380</b>	<b>189.151.305</b>
<b>Anticipo</b>	<b>35.317.375</b>		<b>35.317.375</b>
<b>Líquido a percibir</b>	<b>107.970.550</b>	<b>45.863.380</b>	<b>153.833.930</b>

Por todolo exposto

**SOLICITA:**

Téñanse en conta as alegacións e sexa modificada a proposta do importe da subvención a percibir, quedando en 189.151.305 pesetas, que, unha vez deducido o anticipo a conta de 35.317.375 pesetas, resulta un líquido a percibir de 153.833.930 pesetas.

En Santiago a 26 de abril de 1.994



Asdo.: José Angel Piñeiro López



TRIBUNAL DE CUENTAS

BORRADOR PROVISIONAL  
SUJETO A REVISIÓN

En cuanto a los recursos públicos aplicados a la campaña electoral se ha comprobado que el adelanto regulado en el artículo 127.2 de la L.O.R.E.G., por un importe para esta Formación Política de 282.488.00 pesetas, se ha abonado como ingreso definitivo sin considerar que, a constituir un ingreso a cuenta de la subvención que a la fecha de ingresa el adelanto no estaba aún devengada, procedía su abono en una cuenta de Hacienda Pública acreedora por adelanto de subvenciones, a cancelar con el ingreso definitivo o, en su caso, con el reintegro total o parcial de su importe al Tesoro Público previsto en el artículo 127.6 de la citada Ley. Por otra parte, no se ha reflejado el importe total devengado en concepto de subvención en función de los resultados electorales obtenidos.

**2.2.- PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA - PSOE.**

**2.2.1- Información Económico-Financeira.**

Recibiuse a seguinte documentación:

- Balance de situación das operacións ordinarias de campaña e mailing.
- Balance de sumas e saldos dos gastos ordinarios de campaña e mailing.
- Conta de explotación dos gastos ordinarios de campaña e mailing.
- Maior das contas das operacións ordinarias de campaña e mailing.
- Xustificantes.

Por non recibirse coa documentación presentada, este Consello de Contas solicitou a seguinte documentación:

- Extractos das c/c bancarias do Banco Pastor das localidades de Vigo, Ourense, Lugo, Santiago e Betanzos e fotocopia compulsada da póliza de crédito.
- Listados de Maior da conta 5720.- Bancos Institucións de crédito c/c vista Pesetas.
- Documentación da conta 5511.- Campaña (C.E.R.).
- Listado do Diario.

A citada documentación foi presentada posteriormente neste Consello de Contas, excepto a procedencia de fondos da conta 5511-Campaña (C.E.R.).

O Partido dos Socialistas de Galicia -PSOE presentou os estados contables separando as operacións ordinarias das que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais.

As contas rendidas son as seguintes:

**A.- Contas de operacións ordinarias.**

**Balance de situación.**

<b>Activo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 4708.- Facenda Pública Debedora	
por Subvencións concedidas . . . . .	37.898.237
Conta 5519.- Outras contas non bancarias . . .	3.266.337
Conta 5720.- Bancos Institucións de crédito c/c vista Pesetas . . . . .	(214.136)
<hr/>	
<b>Total Activo . . . . .</b>	<b>40.950.438</b>
<hr/>	
<b>Pasivo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 1211.- Resultados Negativos Eleccións .	(90.994.679)
Conta 1700.- Préstamos longo prazo	
Entidades de crédito . . . . .	50.000.000
Conta 5511.-C.E.R. . . . .	79.633.450
Conta 5810.- Intereses a pagar non vencidos, Eleccións Autonómicas . . . . .	2.311.667
<hr/>	
<b>Total Pasivo . . . . .</b>	<b>40.950.438</b>
<hr/>	

**Conta de Explotación**

<b>Debe (Gastos)</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 6214.- Equipos de oficina . . . . .	561.105
Conta 6216.- Elementos de transporte . . . . .	4.239.995
Conta 6219.- Outros arrendamentos . . . . .	25.440
Conta 6231.- Colaboración Técnicos-Secretarias . .	6.000
Conta 6250.- Seguros Xerais . . . . .	779.495
Conta 627001.- Vallas, pancartas,cabinas . . .	77.981.513
Conta 627002.- Prensa, radio e televisión . . .	10.310.218
Conta 627003.- Cartelería . . . . .	725.000
Conta 62710.- Actos públicos . . . . .	36.995.200
Conta 6272.- Relacións públicas . . . . .	128.216
Conta 6290.- Gastos de viaxes . . . . .	2.344.319
Conta 6296.- Correos e envíos . . . . .	676.482
Conta 629701201.- Partido Socialista A Coruña .	5.000.000
Conta 629701202.- Partido Socialista de Lugo .	3.500.000
Conta 629701203.- Partido Socialista de Ourense	3.500.000
Conta 629701204.- Partido Socialista Pontevedra	2.000.000
Conta 6299.- Taxis . . . . .	1.666.000
Conta 662201.- Intereses devengados . . . . .	3.954.167
Conta 662203.- Intereses formaliz. modif. e cancelacións préstamos . . . . .	55.000
Conta 6691.- Comisións bancarias, servicios, intereses, etc. . . . .	543.179
<hr/>	
<b>Total Gastos</b> . . . . .	<b>154.991.329</b>
<hr/>	

<b>Haber (Ingresos)</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 7401.- Por eleccións Autonómicas . . . .	63.996.650
<hr/>	
<b>Total Ingresos</b> . . . . .	<b>63.996.650</b>
<b>Saldo Debedor (Perdas)</b> . . . . .	<b>90.994.679</b>
<hr/>	
<b>Suma Total</b> . . . . .	<b>154.991.329</b>
<hr/>	

B.- Contas de Envíos Electorais. (Mailing).

Balance de situación

Activo	Importe en pesetas
Conta 4708.- Facenda Pública Debedora	
Subv. concedidas . . . . .	45.114.000
<b>Total Activo . . . . .</b>	<b>45.114.000</b>
Pasivo	Importe en pesetas
Conta 1211.- Resultados negativos Mailing . . . . .	(671)
Conta 1700.- Préstamos a longo prazo Entidades	
de crédito . . . . .	40.000.000
Conta 5519.- Outras contas non bancarias . . . . .	3.266.337
Conta 5810.- Inter. a pagar non vencidos Mailing	1.848.334
<b>Total Pasivo . . . . .</b>	<b>45.114.000</b>

Conta de Explotación

Debe (Gastos)	Importe en pesetas
Conta 6270.- Mailing . . . . .	41.900.000
Conta 662201.- Intereses de préstamo Mailing .	3.163.334
Conta 662203.- Intereses formalización, modif.	
e cancelac. créditos . . . . .	45.000
Conta 669101.- Outros gastos financeiros . . . . .	6.337
<b>Sumas Debe . . . . .</b>	<b>45.114.671</b>
<b>Total Debe . . . . .</b>	<b>45.114.671</b>

<b>Haber (Ingresos)</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 7401.- Subv. Comunidade Autónoma Mailing	45.114.000
<b>Sumas Haber . . . . .</b>	<b>45.114.000</b>
Saldo Debedor (Perdas) . . . . .	671
<b>Total Haber . . . . .</b>	<b>45.114.671</b>

As contas presentadas das contabilidades de operacións ordinarias e de envíos electorais non se axustan completamente ós modelos normais ou abreviados do Balance, Conta de Perdas e Ganancias e á Memoria do Plano Xeral de Contabilidade.

O PSOE non presentou Memoria.

O PSOE presenta a súa contabilidade ó 25-1-94, sendo a data tope para os rexistros contables o 17-1-94, en virtude do artigo 125 apartados 3 e 4, da Lei de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985).

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos observáronse as seguintes particularidades:

#### **2.2.2.- Recursos Financeiros.**

1º).- Na contabilidade por operacións ordinarias contabilizan na conta 740.- Por eleccións autonómicas a cantidade de Ptas.- 63.996.650, e na contabilidade de envíos electorais contabilizan na conta 740.- Subvencións Comunidade Autónoma. Mailing a cantidade de Ptas.- 45.114.000, sumando en total a cantidade de subvencións Ptas.- 109.110.650; sendo

a contrapartida en ámbalas dúas contabilidades un cargo na conta 4708.- Facenda Pública Debedora por subvencións concedidas.

Este Consello de Contas entende que non se deberían realizar ámbolos dous asentos, xa que, en principio, as subvencións non estarán devengadas ata que a Xunta aprobe a citada adxudicación e o Parlamento aprobe previamente o crédito extraordinario (artigo 47-5º da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro e artigo 4º da Lei 10/1993 de 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia). A contabilización de subvencións como ingreso require que previamente a subvención sexa concedida por un acto administrativo, aínda que este criterio non é o mantido polo Tribunal de Cuentas para situacóns similares.

Nembargantes, e co fin de evita-lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

2º).- Ó obter representación nas últimas eleccións ó Parlamento de Galicia, requisito que sinala o artigo 45.1 da Lei de eleccións ó Parlamento de Galicia para poder percibir anticipo da subvención, pola Xunta de Galicia outorgouse dito anticipo por importe de Ptas.- 26.098.413, coincidente co 30% da subvención percibida nas eleccións do 17 de decembro de 1989, contabilizándoa con cargo á conta 5720.- Bancos Institucións de crédito c/c vista Ptas. e abono á conta 4708.- Facenda Pública debedora por subvencións concedidas, ten natureza debedora e non acredora, e sería máis correcto a utilización dunha subconta de abono correspondente á conta 740.- Subvencións oficiais á explotación, xa que o anticipo

a conta da subvención é un ingreso e debeu contabilizarse no subgrupo 74.- Subvencións á explotación, e non nunha conta de Balance.

Nembargantes, como no caso anterior, e co fin de evitar o confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

3º).- A conta 1700.- Préstamos a longo prazo en entidades de crédito recolle no haber da contabilidade de operacións ordinarias a cantidad de Ptas.- 50.000.000, e na contabilidade de envíos electorais recolle no haber a cantidad de Ptas.- 40.000.000, sumando en total Ptas.- 90.000.000; que corresponden ó préstamo formalizado co Banco Pastor por Ptas.- 90.000.000 o día 22-9-93, con vencemento o 30-4-94, a un tipo de interese nominal do 13% e T.A.E. 13,87%.

Debeuse contabilizar na conta 520.-Débedas a corto prazo con entidades de crédito, subconta 5200.- Préstamos a corto prazo con entidades de crédito, e non na conta 1700, por se-lo vencemento da póliza a corto prazo.

O citado préstamo de Ptas.- 90.000.000 repartiuse nas dúas contabilidades (operacións ordinarias e envíos electorais).

O Partido Socialista cede a título de garantía prendaria o dereito ó cobro das subvencións que lle puideran corresponder a favor do Banco Pastor.

Utilizaron a conta 115205 do Banco Pastor da O.P. de Santiago para operacións ordinarias de campaña e a conta

115218, na mesma oficina bancaria, como conta de Mailing.

Así mesmo, a conta 115218 figura ó 15-1-94 cun saldo acreedor no Banco de Ptas.- 3.663.-H.

A conta 115205 figura ó 15-1-94 cun saldo debedor no Banco (en descuberto) de Ptas.- 217.799.-D.

Na contabilidade do partido figura un traspaso da conta de Mailing á conta ordinaria de campaña a través do Banco Pastor de Ptas.- 3.663, realizado o 25-1-94.

No extracto facilitado polo partido obsérvase que o citado traspaso de Ptas.- 3.663 foi realizado o 9-2-94, fóra de prazo, de acordo coa lexislación electoral (artigo 125.3 da Lei 5/1985).

4º).- A conta 5511.- C.E.R., cun saldo acreedor de Ptas.- 79.633.450, correspondente á contabilidade de operacións ordinarias, corresponde á conta de maior 551100001.- Campaña, solicitando este Consello de Contas a procedencia deses fondos, correspondentes ás aportacións do partido á campaña, de conformidade co que establece o artigo 126.3 da Lei de Réxime Electoral Xeral, sen obter contestación do Partido Socialista Obrero Español (PSOE) da procedencia dos citados fondos, a pesar de reiterarse a petición por este Consello de Contas.

A conta do Banco Pastor 115205 aparece cun abono inicial realizado o 3-9-93 de Ptas.- 544.338, correspondente á aportación do partido á campaña.

5º).- A conta 5810.- Intereses a pagar non vencidos correspondente á contabilidade por operacións ordinarias presenta un saldo acreedor de Ptas.- 2.311.667, e a conta

5810.- Intereses a pagar non vencidos correspondente á contabilidade por operacións Mailing presenta un saldo acreedor de Ptas.- 1.848.334, sumando en total Ptas.- 4.160.001.

Debeuse utiliza-la conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 5810.- Intereses a pagar non vencidos.

#### 2.2.3.- Gastos Electorais.

En relación coa regularidade e adecuación dos gastos electorais ás prescripcións da Lei Orgánica 5/1985, de Réxime Electoral xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, de 13 de marzo e 6/1992, de 30 de novembro, e da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, contabilizáronse gastos por importe total de Ptas.- 200.106.000, coa separación dos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electoral, de acordo co seguinte detalle:

- Gastos ordinarios de campaña electoral . . .	154.991.329
- Gastos envío persoal e directo ós electores (Mailing) . . . . .	45.114.671
<hr/>	
Suma total gastos . . . . .	200.106.000
<hr/>	

Respecto ós gastos, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

1º).- Na contabilidade de actividades ordinarias na conta de explotación, contabilizan os seguintes gastos:

<b>Conta</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
629701201	Partido Socialista- A Coruña	5.000.000
629701202	Partido Socialista-Lugo	3.500.000
629701203	Partido Socialista-Ourense	3.500.000
629701204	Partido Socialista-Pontevedra	2.000.000
<b>Sumas Totais</b>		<b>14.000.000</b>

Os citados gastos contabilizados non son coincidentes cos xustificantes presentados, que por provincias foron:

A Coruña	4.998.183.-
Lugo	3.499.500.-
Ourense	3.500.200.-
Pontevedra	2.070.024.-
<b>-----</b>	
<b>Suma</b>	<b>14.067.907.-</b>
<b>-----</b>	

Utilizáronse incorrectamente as contas 6297 para recolle-los gastos das provincias de A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra, xa que de acordo co que determina o Plano Xeral de Contabilidade, para a conta de explotación debéronse utiliza-los conceptos de gasto pola súa natureza e para as transferencias ás sedes provinciais debéronse utiliza-las contas do subgrupo 55.- Outras contas non bancarias (551.- Conta corrente con empresas do grupo), e incorpora-lo gasto real ás contas de gasto do grupo 6 con abono ás contas do subgrupo 55.

A conta 5519.- Conta con Mailing da contabilidade de operacións correntes é coincidente e de signo contrario que a 5519.- Conta con campaña da contabilidade de envíos electorais (Mailing), tendo un saldo de Ptas.- 3.266.337,

respectivamente, debedor e acreedor.

2º).- Utilizaron indebidamente a conta 570.- Caixa Pesetas na contabilidade de operacións correntes cun movemento no Debe e no Haber de Ptas.- 2.855.000, xa que de acordo co que determina o artigo 125 da Lei 5/1985 tódolos ingresos e gastos débense realizar a través das contas bancarias debidamente autorizadas. Tamén utilizaron Caixa incorrectamente nas Sedes provinciais.

3º).- Os intereses contabilizados foron os seguintes:

- Conta 6622.- Intereses devengados (Contabilidade ordinaria) . . . . .	3.954.167
- Conta 6222.- Intereses devengados (Contabilidade envíos electorais) . . . . .	3.163.334
<hr/>	
Suma Total . . . . .	7.117.501
<hr/>	

De acordo co que determina o artigo 130-g da Lei 5/1985 modificado polo artigo único, apartado 49 da Lei 8/1991, considéranse gastos electorais os intereses dos créditos recibidos para a campaña electoral, devengados ata a data de percepción da subvención correspondente, data indeterminada, polo que sería máis correcto contabiliza-los intereses ata a data de vencemento da póliza de crédito, de acordo co seguinte detalle:

Data inicial Póliza	Data vto. Prést.	Importe	Días	Tipo de interese	Intereses
22-9-93	30-4-94	90.000.000	219	13%	7.117.500
<hr/>					
			Suma Total . . . . .		7.117.500
<hr/>					

En virtude do exposto, os intereses no seu conxunto, están ben contabilizados, xa que só se contabilizaron ata a data de vencemento da póliza, utilizando no seu reparto a mesma proporción do reparto do préstamo entre ámbalas dúas contabilidades.

4º).- Así mesmo detectáronse as seguintes incidencias, que non se aceptan como gasto regular xustificado:

De conformidade coas limitacións temporais que fixa o artigo 130, considéranse gastos electorais os que realicen os partidos, federacións, coalicións ou agrupacións participantes nas eleccións desde a data da convocatoria (24-08-93) ata a da proclamación de electos (11-11-93), detectándose na Sede Central as seguintes incidencias:

- Nota de gastos nº 44, liquidación a unha persoa física por importe de Ptas.- 24.620 de dietas e quilometraxe do día 22-11-93 e nota de gastos nº 45 á mesma persoa polo mesmo concepto correspondente ó día 3-12-93 por importe de Ptas.- 8.280, nota de gastos nº 46 á mesma persoa e polo mesmo concepto correspondente ós días 27-12-93 e 14-01-94 por importe de Ptas.- 11.275, que foron realizados por caixa e fóra do prazo establecido no artigo 125.4 da Lei Orgánica 5/1985.

- A nota de gastos nº 42 correspondente á factura nº 11.310 da empresa Sistema de oficina de Lugo S.A. (Canon) do día 28-01-93 por importe total de Ptas.- 500.000, non está comprendida no período electoral e ademais non se especifica o material alugado nin o período do alugamento, nin se acompaña o contrato de alugamento, polo que non se acepta como gasto regular.

- Así mesmo non se acepta ningún gasto realizado por

caixa, de conformidade co establecido no artigo 125 da Lei 5/1985, sendo o desglose o seguinte:

Sede Central	2.855.000.-
Betanzos	885.696.-
Lugo	1.324.474.-
Ourense	2.228.356.-
Pontevedra	625.909.-
<hr/>	
<b>Suma Total</b>	<b>7.919.435.-</b>

Así mesmo tódalas retiradas de fondos de Banco a Caixa realizanse mediante cheques ó portador.

Tamén existen facturas non expedidas a nome do PSOE pagadas por Caixa.

- Non se aceptan os gastos das facturas nº 16/690733 do 18 de outubro de 1993 de Ptas.- 1.120.224 e nº 16/690734 do 18 de outubro de 1993 de Ptas.- 1.078.000 da empresa Viajes Mediterráneo, por non incluír o I.V.E. nas citada facturas nin indicarse as persoas que realizaron o voo privado o 13-10-93 Madrid-A Coruña-Santiago-Madrid e o 15-10-93 Madrid-Vigo-Santiago-Madrid, descoñecéndose se é un gasto da campaña electoral ó non especificar o motivo da viaxe, correspondente á Sede Central en Santiago.

- Mediante cheque nº 9.926.147-0 de importe de Ptas.- 395.358, nominativo a favor da empresa Turn-Key Producciones, contabilízase como gastos financeiros sen aportar xustificantes. Non se acepta como gasto regular.

Na Sede de Betanzos detectáronse as seguintes incidencias:

- A nota de gastos nº 3 do 8-10-93 de Ptas.- 50.000 correspondente ó Mesón Villa Cambre non ten número de factura, e non se acompaña xustificante de pago. Non se acepta como gasto regular.

- As facturas dos Restaurantes Raxería Al Alba de Pontecarreira do 2-10-93 por importe de Ptas.- 30.000 e Restaurante Agarimo do 5-10-93 de Ptas.- 5.200 non teñen nº de factura. Non se acepta como gasto regular.

- Realízase un pago ó Concello de A Coruña por importe de Ptas.- 446.672 con cheque ó portador por utilización do Palacio dos Deportes. Soamente se acompaña carta de pago. Acéptase como gasto, pero débense evita-los pagos por cheque ó portador.

- A factura 015-02-01007 de Radio Popular S.A. de Ferrol de Ptas.- 69.000 págase por cheque nominativo de Ptas.- 68.862. Acéptase o gasto.

- A nota de gasto de data 16-10-93 de Ptas.- 50.000 acompañase por xustificantes que suman Ptas.- 50.020. Acéptase o gasto.

- O pago do alugamento do servicio de megafonía Sonido Vitrola por importe de Ptas.- 172.500 non se acompaña de factura, polo que non se acepta como gasto.

- A factura nº 17/93-R do 24-9-93 de Prita S.L. de Ptas.- 34.000 e a factura nº 260/93 do 15-10-93 de Ofimega S.L. de Ptas.- 70.800 de material de oficina, non indican o material adquirido, polo que non se acepta como gasto regular.

- A factura nº 4 do 16-10-93 da Cafetería La Cormelana

por importe de Ptas.- 10.935 pagase mediante cheque ó portador. Acéptase o gasto, pero débense evita-los pagos mediante cheque ó portador.

- A nota de gastos de data 15-10-93, pagada por cheque nº 9901807-6 do Banco Pastor por importe de Ptas.- 600.000 á Compañía Telefónica, acompaña un recibo provisional sendo o titular unha persoa física, este recibo non especifica o período ó que corresponde, polo que non se acepta como gasto regular.

- O cheque do Banco Pastor nº 9901815-0 por importe de Ptas.- 24.354 de data 5-11-93, emitiuse ó portador, descoñecendo este Consello de Contas o seu destino, xa que non se acompaña ningún xustificante.

Na Sede de Lugo detectáronse as seguintes incidencias:

- As notas de gastos 10B do 14-10-93 por importe de Ptas.- 50.001, 11B do 14-10-93 de Ptas.- 85.000, e a 13B do 15-10-93 de Ptas.- 50.000, pagáronse con cheques ó portador. Acéptase o gasto, pero non se deberon estender cheques ó portador.

- A nota de gastos 14B do 15-10-93 de Ptas.- 62.704 non acompaña factura xustificativa, acompañando únicamente tres recibos de Radio Popular-Lugo, nos que non consta nin número de factura, nin I.V.E. nin o C.I.F. Non se acepta como gasto regular.

- A nota de gastos 16B do 15-10-93 de Ptas.- 20.700 de Antena 3 de radio de Galicia S.A. non acompaña factura xustificativa, acompañando únicamente un recibo no que non consta nin número de factura nin C.I.F. Non se acepta como gasto regular.

Na Sede de Ourense detectáronse as seguintes incidencias:

- Páganse traballos de colaboración e dietas con cheques librados ó portador por importe de Ptas.- 547.000. Acéptase o gasto, pero non se deberon estende-los cheques ó portador.

- A nota de gastos 14B do 17-10-93 por importe de Ptas.- 163.185 pagada a Uniprex S.A. mediante cheque do Banco Pastor nº 9.941.836-2 non acompaña os xustificantes das facturas, polo que non se acepta como gasto regular.

Na Sede de Pontevedra detectáronse as seguintes incidencias:

- As facturas nº 155 e 156 de datas 8-10-93 e 9-10-93 por importes de Ptas.- 28.405 e Ptas.- 11.213 respectivamente, da Papelería "Colores" dous C.B. non se estenderon a nome do PSOE, xa que foron estendidas a nome de persoa particular, polo que non se acepta como gasto regular.

5º).- O total de gastos non considerados regulares por este Consello de Contas ascende a Ptas.- 12.261.724, de acordo co seguinte detalle:

Sede	Pagos por Caixa	Pagos por Bancos	Total
Central-Santiago	2.855.000	3.093.582	5.948.582
Betanzos	885.696	962.500	1.848.196
Lugo	1.324.474	83.404	1.407.878
Ourense	2.228.356	163.185	2.391.541
Pontevedra	625.909	39.618	665.527
<b>Sumas Totais</b>	<b>7.919.435</b>	<b>4.342.289</b>	<b>12.261.724</b>

En virtude do anteriormente exposto, considéranse gastos xustificados os seguintes:

- Gastos ordinarios de campaña electoral . .	142.729.605
- Gastos envío directo de sobres, papeletas, publicidade e propaganda electoral (Mailing) .	45.114.671
<hr/>	
<b>Total gastos regulares debidamente xustificados . . . . .</b>	<b>187.844.276</b>
<hr/>	

O importe debidamente xustificado representa o 93,87% do total de gastos contabilizados.

O importe total de gastos non aceptados como regulares ascende a Ptas.- 12.261.724 e non inflúe sobre a subvención total a conceder, por ser superiores os gastos xustificados á subvención máxima.

Respecto á centralización de pagos nas contas correntes de campaña, esixida no artigo 125 da Lei de Réxime Electoral Xeral e no artigo 43.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, observouse o seu incumprimento ó utilizar Caixas propias nas Sedes de Santiago, Betanzos, Lugo, Ourense e Pontevedra.

#### **2.2.4.- Límite máximo de gastos.**

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 1.5 deste informe, ascendendo a Ptas.- 163.900.140, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscripcións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por electores (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de Ptas.-

45.863.380 (2.293.169 electores por 20 Ptas. por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios de campaña	154.991.329	163.900.140
Gastos envíos electorais (Mailing)	45.114.671	45.863.380 (1)
Sumas Totais	200.106.000	209.763.520

(1) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados son inferiores ó límite legalmente previsto.

#### 2.2.5.- Incumprimento de Terceiros.

Ningunha das empresas que facturaron por gastos electorais importes superiores ó millón de pesetas, segundo a contabilidade aportada polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE, cumpriron coa obriga do artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, de comunicar ó Consello de Contas a prestación realizada.

A relación destas empresas é a seguinte:

Questión-Answer-Q-A . . . . .	108.088.555
Turn-Key Producciones S.L. . . . .	35.130.775
Exterior Galicia S.A. . . . .	6.335.000
Atanor S.A.-Video y Tv . . . . .	4.600.000
Autos Cosla S. Coop. L. . . . .	4.239.995
Ecovigo Publicidad S.L. . . . .	5.411.038
Grupo de Comunicación Galicia en el mundo S.A. .	1.000.000
Vanenfurgo . . . . .	1.725.000
VV-Video S.L. . . . .	1.885.218
Viajes Mediterráneo . . . . .	2.198.224
<hr/>	
Suma Total . . . . .	170.613.805

Esta facturación equivale ó 85,26% dos gastos totais declarados e contabilizados polo partido.

Este Consello circularizou ás citadas empresas, obtendo o seguinte resultado:

-Exterior Galicia S.A. soamente comunicou a factura número 307 de Ptas.- 3.335.000, de 11-10-93, non comunicando a factura 306 do 29-9-93 de Ptas..- 3.000.000.

Non contestaron ó requerimento deste Consello de Contas as seguintes empresas:

- V.V. Video S.L.
- Vanenfurgo.

No periodo de alegacíons contestou a empresa Viajes Mediterráneo.

#### **2.2.6.- Límite máximo da subvención.**

Como xa foi exposto no apartado 1.4 deste informe, de acordo co que determina o artigo 44 da Lei 8/1985, modificado polo artigo único, apartado 10, da Lei 15/1992, e en concordancia co artigo único, apartado 58º da Lei 8/1991, de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, hai dous tipos de subvencións:

a).- **Suxeitas ó límite.**- Formada pola suma dos importes correspondentes a 2.000.000 de pesetas por escano e 75 pesetas por voto.

b).- **Non suxeita ó límite.**- Formada por 20 pesetas polo número de electores.

Mediante Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (D.O.G. nº 164, xoves, 26 de agosto de 1993) determináronse as citadas contías.

No D.O.G. nº 217, xoves, do 11 de novembro de 1993, publicouse a Resolución de 3 de novembro de 1993 da Xunta Electoral de Galicia, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscripcións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17 de outubro de 1993.

En virtude do anteriormente exposto, resultan as seguintes contías:

**a).- Subvención suxeita ó límite.**

Por 19 escanos a 2.000.000 de pesetas . . . . .	38.000.000
Por 346.831 votos a 75 pesetas . . . . .	26.012.325
<hr/>	
<b>Total subvención suxeita ó límite . . . . .</b>	<b>64.012.325</b>
<hr/>	

**b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).**

É a subvención por electores para o envío de sobres e papeletas, publicidade e propaganda (Mailing), sendo esta subvención unicamente para os partidos que obtiveron representación parlamentaria.

Por 2.293.169 electores a 20 pesetas . . . . .	45.863.380
<hr/>	
<b>Total subvención non suxeita ó límite . . . . .</b>	<b>45.863.380</b>
<hr/>	

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite . . . . .	64.012.325
b) Subvención non suxeita ó límite . . . . .	45.863.380
<hr/>	
Límite máximo da subvención . . . . .	109.875.705
<hr/>	

Este límite máximo da subvención de Ptas.- 109.875.705 queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co que determina o artigo 127 da Lei 5/1985, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora (redactado conforme á Lei Orgánica 1/1987, de 2 de abril).

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontarase o anticipo recibido a conta.

Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	Gastos Contabilizados	Gastos regulares xustificados	Límite da subvención	Proposta de subvención	Anticipo de subvención	Líquido a percibir
Votos e escanos Electores	154.991.329 45.114.671	142.729.605 45.114.671	64.012.325 45.863.380	64.012.325 45.114.671	26.098.413 -----	37.913.912 45.114.671
Sumas Totais	200.106.000	187.844.276	109.875.705	109.126.996	26.098.413	83.028.583

A proposta de subvención para o Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE é de Ptas.- 109.126.996 que descontado o anticipo recibido a conta de Ptas.- 26.098.413, resulta un líquido a percibir de Ptas.- 83.028.583.

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a Ptas.- 83.028.583.

#### **2.2.7.- Proposta.**

O Consello de Contas, respecto á subvención cuantificada no apartado anterior, resolve non formular ningunha das propostas do artigo 47.3 da Lei 8/1985, de 13 de agosto e do artigo 134.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

#### **2.2.8.- Conclusíons.**

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no presente informe, dedúcense as seguintes conclusíons:

1ª).- Non é necesario que se leven dúas contabilidades, unha de operacións ordinarias de campaña e outra para Mailing.

Levando unha única contabilidade axustada ó Plano Xeral de Contabilidade para as eleccións é suficiente, e faise necesario que se separen axeitadamente os gastos ordinarios de campaña e de Mailing, coa explicación correspondente na Memoria.

2ª).- Está terminantemente prohibido polo artigo 125 da Lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral realizar cobros e pagos por Caixa.

Absteranse de realizar pagos por Caixa, xa que se consideran non regulares a efectos da súa xustificación como gastos electorais.

3ª).- A incorporación á contabilidade dos gastos das sedes provinciais está mal realizada, xa que se contabiliza como gasto as provisións de fondos, debendo utilizarse unha conta de enlace do Grupo 5º para a provisión de fondos e xustificación de gastos, e incorpora-los gastos segundo a súa

natureza a contas do Grupo 6º.

4º).- Non se deberían contabiliza-las subvencións esperadas dos resultados electorais como ingresos, xa que non están devengadas ó estar pendentes de adxudicación por un acto administrativo (artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro).

Nembargantes, a entrega a conta da subvención non se contabilizou como ingreso a pesar de estar concedida e transferida.

As citadas contabilizacións das subvencións alteran o resultado económico da contabilidade.

Nembargantes, como no caso anterior, e co fin de evitar lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

5º).- Non foi aclarado a este Consello de Contas a procedencia dos fondos da conta 551100001.- Campaña, por importe de Ptas.- 79.633.450 das aportacións do partido á campaña electoral (artigo 126.3 da Lei de Réxime Electoral Xeral).

6º).- Soamente se poderán contabilizar gastos electorais comprendidos no período de tempo desde a data da convocatoria ata a data de proclamación de electos (artigo 130 da Lei de Réxime Electoral Xeral).

7º).- Deberán esixir dos Provedores e Acredores que presenten as súas facturas con tódolos requisitos legais, fiscais e mercantís (nº de factura, data, I.V.E., concepto,

etc.) para poder xustificarse como gastos regulares.

8ª).- Os modelos das contas dos gastos e ingresos electorais deberán axustarse completamente ós modelos das contas anuais do Plano Xeral de Contabilidade (Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria).

9ª).- Debeuse utilizar a conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito en vez da conta 5810.- Intereses a pagar non vencidos, utilizada tanto na contabilidade por operacións ordinarias como na contabilidade do Mailing.

A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos intereses devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

#### 2.2.9.- Opinión.

1º).- Auditamos as contas electorais do PSOE, correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17-10-1993, que comprenden o Balance de situación ó 25-1-94 e a conta de Perdas e Ganancias (conta de explotación), correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscalizar os ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención á Xunta de Galicia, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificados ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó PSOE de acordo cos seus resultados electorais.

3º).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que incluíñ o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a avaliación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º).- As salvidades cuantificadas e os principios e normas contables xeralmente aceptadas que se incumpriron quedan expostos nos apartados 2.2.2.- Recursos financeiros e 2.2.3.- Gastos electorais.

Así mesmo, a conta de perdidas e ganancias non se axusta ó modelo do Plano Xeral de Contabilidade.

5º).- Na nosa opinión, excepto polos efectos das salvidades anteriores, as contas electorais adxuntas expresan na área de gastos tódolos aspectos significativos que contén a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

Descoñecemos se os estados financeiros adxuntos gardan ou non uniformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados aplicados en eleccións anteriores, ó ser este o primeiro informe de contas electorais que realiza o Consello de Contas.

6º).- A proposta de subvención para o partido ascende a Ptas.- 109.126.996, que descontado o anticipo a conta de Ptas.- 26.098.413, resulta un líquido a percibir de Ptas.- 83.028.583.

#### **2.2.10.- Alegacións.**

O abeiro do disposto no artigo 58-a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento do PSOE o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

O PSOE non presentou alegacións ó anteproxecto de informe do Consello de Contas.

Ó presentar alegacións o Partido Popular á interpretación dada por este Consello de Contas no criterio de contabilización das subvencións, e ca finalidade de dar o mesmo tratamento ó informe dos tres partidos que obtiveron representación parlamentaria (PP, PSOE e BNG), modifícase o anteproxecto do informe nos seguintes termos:

a) Elimínase o punto 6º do apartado 2.2.2 do anteproxecto do informe de incumprimento de principios contables.

b) Elimínase o punto 9º do apartado 2.2.8 por estar reflectido no punto 8º do apartado 4º de recomendación do anteproxecto do informe, da obriga dos acredores e provedores de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas.

c) Modifícase parcialmente o punto 5º do apartado 2.2.9 polo seguinte texto:

"Na nosa opinión excepto polos efectos das salvidades anteriores, as contas electorais adxuntas expresan na área de gastos tódolos aspectos salientables e conteñen toda a

información suficiente para a súa interpretación e comprensión".

Elimínase o seguinte parágrafo:"...pero non así na área de ingresos, polo que non representan a imaxe fiel da situación económico-financeira electoral do PSOE, aínda que ..." .

Asemade faise constar que no apartado 2.2.5 de incumprimento de terceiros suprimiuse a empresa Viajes Mediterraneo ó recibir contestación da citada empresa no período de alegacións.

Así mesmo, por aceptarse a alegación décimo terceira do Partido Popular, correspondente ó cadre de financiamento, elimínase no anteproxecto do informe todo o referente ó cadre de financiamento.

**2.3.- BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (B.N.G.).**

**2.3.1.- Información Económico-Financeira.**

Recibiuse a seguinte documentación:

- Diario de operacións.
- Balance de sumas e saldos.
- Contas de Maior.
- Xustificantes.

Con escrito de data 16-2-94, con nº de rexistro de entrada neste Consello 259 de data 16-2-94, recibiuse a documentación contable electoral correspondente ás eleccións autonómicas de 1993.

Posteriormente, e a efectos de subsanar omisións, recíbese escrito con nº de rexistro de entrada neste Consello de Contas 424 de data 15-3-94, acompañando nova documentación contable electoral non incluída na anterior.

**Balance de Sumas e Saldos a 31-1-94.**

<b>Saldos debedores</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 43001.- Debedores por envíos electorais .	43.349.100
Conta 43002.- Debedores subvencións votos . . .	41.072.972
Conta 57201.- Caixa Galicia c/c . . . . .	150.408
Conta 622.- Gastos financeiros formalizados . . .	641.250
Conta 623.- Gastos financeiros . . . . .	43.189
Conta 624.- Gastos financeiros non devengados .	6.020.962
Conta 627.- Publicidade . . . . .	82.568.999
Conta 628.- Relacións Públlicas . . . . .	443.779
<hr/>	
<b>Sumas saldos debedores . . . . .</b>	<b>174.290.659</b>

<b>Saldos Acredores</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 41001.- X. M. T. e Asociados . . . . .	23.766.372
Conta 41002.- Caixa Galicia inter. non devengados	6.020.962
Conta 57202.- Póliza Caixa de Aforros . . . . .	54.999.250
Conta 74001.- Subvencións envíos electorais . .	43.349.100
Conta 74002.- Subvencións votos . . . . .	46.154.975
<hr/>	
<b>Suma saldos acredores . . . . .</b>	<b>174.290.659</b>
<hr/>	

O Balance de situación, preparado por este Consello de Contas a partir do Balance de sumas e saldos, é o seguinte:

#### Balance de situación

<b>Activo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 43001.- Debedores por envíos electorais .	43.349.100
Conta 43002.- Debedores subvención por votos .	41.072.972
Conta 57201.- Bancos Caixa de Aforros c/c . . . .	150.408
<hr/>	
<b>Total Activo . . . . .</b>	<b>84.572.480</b>
<hr/>	

<b>Pasivo</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Conta 129.- Perdas e Ganancias . . . . .	(214.104)
Conta 41001.- X. M. T. e Asociados . . . . .	23.766.372
Conta 41002.- Caixa de Aforros de Galicia	
intereses non devengados . . . . .	6.020.962
Conta 57202.- Póliza Caixa de Aforros . . . . .	54.999.250
<hr/>	
<b>Total Pasivo . . . . .</b>	<b>84.572.480</b>
<hr/>	

As contas presentadas da contabilidade electoral non se axustan completamente ás contas anuais dos modelos normais ou abreviados do Balance, Conta de Perdas e Ganancias e á Memoria.

O B.N.G. presenta a súa contabilidade ó 31-1-94, sendo a data tope para os rexistros contables o 17-1-94, en virtude do artigo 125 apartados 3 e 4, da Lei de Réxime Electoral Xeral (Lei Orgánica 5/1985).

Na fiscalización realizada sobre a totalidade de documentos e estados rendidos, obsérvanse as seguintes particularidades:

#### 2.3.2.- Recursos Financeiros.

1º).- Contabilizan na conta 740.- Subvencións explotación a cantidad de Ptas.- 89.504.075.- comprensiva das seguintes partidas:

Conta	Data	Concepto	Nº asento	Haber
74001	31.1.94	Subvenc.envíos electorais	43	43.349.100
74002	31.1.94	Anticipos subvenc. votos	44	5.082.003
74002	31.1.94	Subvención votos	45	41.072.972
-----				
Sumas				89.504.075
-----				

A contrapartida foi a conta 430: 43001.- Debedores por envíos electorais e 43002.- Debedores por subvencións votos, respectivamente, por importes de Ptas.- 43.349.100 e Ptas.- 41.072.972, entendendo, a xuízo deste Consello de Contas, que non deberían contabilizarse dessa forma, xa que, en principio, as subvencións non estarán devengadas ata que a Xunta aprobe a citada adjudicación e o Parlamento aprobe previamente o

crédito extraordinario (artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, e artigo 4º da Lei 10/1993, de 15 de xullo, de concesión dun crédito extraordinario para atende-los gastos das eleccións ó Parlamento de Galicia) e ata que a subvención sexa concedida por un acto administrativo, non procedería contabilizala como ingreso, aínda que este criterio non é o mantido polo Tribunal de Cuentas para situacións similares.

Só procede realiza-lo ingreso do anticipo de Ptas.- 5.082.003, tal como se fixo con cargo á conta 57201.- Caixa de Aforros c/c.

Nembargantes, e co fin de evita-lo confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

2º).- A conta 57202.- Póliza Caixa de Aforros por importe de Ptas.- 54.999.250.- H, recolle o saldo disposto na Póliza de crédito formalizada con Caixa Galicia o día 23 de setembro de 1993, con vencemento o 30 de setembro de 1995, por importe de Ptas.- 55.000.000 e ó tipo de interese nominal do 14%.

O Bloque Nacionalista Galego (B.N.G.) cede a título de garantía prendaria o dereito do cobro das subvencións, peñorando as que lle poidan corresponder a favor de Caixa Galicia.

En vez de utiliza-la conta 57202.- Póliza Caixa de Aforros, sería máis correcto utiliza-la subconta 5201.- Débedas a corto prazo por crédito disposto, que recolle as débedas por cantidades dispostas en póliza de crédito, de acordo co disposto no Plano Xeral de Contabilidade.

3º).- A conta 41001.- X. M. T. e Asociados presenta un saldo acreedor de Ptas.- 23.766.372-H, saldo pendente de pago na data de elaboración deste informe, contravindo o artigo 125.3 da Lei 5/1985 de Réxime Electoral Xeral, que establece que só se poderá pagar nos 90 días seguintes ó da votación gastos electorais previamente contraídos.

Así mesmo, a conta 41002.- Caixa de Aforros de Galicia intereses non devengados presenta igualmente un saldo acreedor de Ptas.- 6.020.962-H. A citada conta non se debeu utilizar, xa que debeuse contabilizar na conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, que recolle no seu haber os intereses devengados e non vencidos.

#### 2.3.3.- Gastos Electorais.

En relación coa regularidade e adecuación dos gastos electorais ás prescripcións da Lei Orgánica 5/1985, do Réxime Electoral Xeral, modificada polas Leis Orgánicas 1/1987 de 2 de abril, 8/1991 do 13 de marzo e 6/1992 de 2 de novembro; e da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, contabilizáronse gastos por importe total de Ptas.- 89.718.179, sen separación dos que corresponden a operacións ordinarias de campaña e dos que corresponden ó envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais.

En documentación aparte, o partido fai un desglose de gastos correspondentes ó envío de propaganda electoral por correo (Mailing), co resultado seguinte:

**Importe en Pesetas**

- Gastos de envío persoal e directo ós electores . . . . .	43.553.455
Conta 627.-Publicidade (Mailing)	.43.553.455
<hr/>	
- Gastos ordinarios de campaña electoral . . .	46.164.724
Conta 622.....	641.250
Conta 623.....	43.189
Conta 624.....	6.020.962
Conta 627.....	39.015.544
Conta 628.....	443.779
<hr/>	
<hr/>	
<b>Suma total de gastos . . . . .</b>	<b>89.718.179</b>
<hr/>	

Respecto ós gastos, este Consello de Contas realiza as seguintes consideracións:

1º).- De acordo co que determina o artigo 130-g da Lei 5/1985 modificado polo artigo único, apartado 49 da Lei 8/1991, considéranse gastos electorais os intereses dos citados créditos recibidos para a campaña electoral, devengados ata a data da percepción da subvención correspondente, data indeterminada, polo que sería máis correcto contabiliza-los gastos ata a data de vencemento da póliza de crédito, que debe ser anterior á data de percepción da subvención.

Neste caso o vencemento da póliza é o 30-9-95.

Contabilizaron intereses por importe de Ptas.- 6.020.962, que considerando que é unha póliza de crédito por importe de Ptas.- 55.000.000 ó tipo de interese do 14%, dedúcese que se contabilizan intereses por 285 días, é dicir,

ata o 30 de xuño de 1994.

2º).- Detectáronse as seguintes incidencias:

A conta 5700.- Caixa recolle os seguintes pagos:

<b>Asento</b>	<b>Día</b>	<b>Concepto</b>	<b>Importe</b>
12	11-10-93	Logicpyme S.L.	21.887
12	11-10-93	Logicpyme S.L.	1.773
12	11-10-93	A. L.	33.205
12	11-10-93	Tall.M.Folgueira	43.027
12	11-10-93	Monterrey	10.000
<hr/>			
<b>Suma Total</b>			<b>109.892</b>
<hr/>			

Os pagos por caixa non se consideran regulares, xa que o artigo 125 da Lei de Réxime Electoral Xeral e o artigo 43.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, esixe que a centralización de pagos e ingresos se realice a través das contas correntes de campaña.

En virtude do anteriormente exposto, considéranse gastos xustificados os seguintes:

- Gastos ordinarios de campaña . . . . .	46.054.832
- Gastos envío directo de sobres e papeletas, publicidade e propaganda a electores (Mailing)	43.553.455

<b>Total gastos regulares debidamente xustificados . . . . .</b>	<b>89.608.287</b>
--	-------------------

O importe debidamente xustificado representa o 99,88% do total de gastos contabilizados.

#### 2.3.4.- Límite máximo de gastos.

O límite máximo de gastos analizouse no apartado 1.5 deste informe, ascendendo a Ptas.- 163.900.140, xa que esta formación concorreu ás eleccións nas catro circunscripcións.

Ademais, hai que ter en conta que a subvención por envíos electorais (para envío de sobres, papeletas, publicidade e propaganda) ten un tope máximo de subvención de Ptas.- 45.863.380 (2.293.169 electores por 20 Ptas por elector).

A comparación entre os gastos contabilizados e o límite máximo de gastos é a seguinte:

	Gastos Contabilizados	Límite de gastos
Gastos ordinarios de campaña	46.164.724	163.900.140
Gastos envíos electorais (Mailing)	43.553.455	45.863.380 (1)
Sumas Totais	89.718.179	209.763.520

(1) Non suxeita a límite de gastos.

Como se observa, os gastos contabilizados son inferiores ó límite legalmente previsto.

#### 2.3.5.- Incumprimento de Terceiros.

Ningunha das empresas que facturaron por gastos electorais importes superiores ó millón de pesetas, segundo a contabilidade aportada polo Bloque Nacionalista Galego-BNG, cumpriron coa obriga do artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985,

do Réxime Xeral Electoral, de comunicar ó Consello de Contas a prestación realizada.

A relación destas empresas é a seguinte:

X. M. T. e Asociados . . . . .	78.952.752
<hr/>	
Suma Total . . . . .	78.952.752
<hr/>	

Esta facturación equivale ó 88% dos gastos totais declarados e contabilizados polo partido.

Este Consello circularizou á citada empresa, obtendo o seguinte resultado:

A empresa X. M. T. e Asociados dá como pendente de pago as seguintes cantidades:

Nºfactura	Data	Importe factura	Pendente de pago
5	17.12.93	4.000.000	2.500.000
8	17.12.93	3.666.372	3.666.372
9	17.12.93	16.100.000	16.100.000
<hr/>			
Sumas Totais		23.766.372	22.266.372
<hr/>			

Existe unha diferencia coa contabilidade de Ptas.- 1.500.000, xa que na conta 41001.- X. M. T. e Asociados reflicte como saldo acreedor Ptas.- 23.766.372.

#### 2.3.6.- Límite máximo da subvención.

Como xa foi exposto no apartado 1.4 deste informe, de acordo co que determina o artigo 44 da Lei 8/1985, modificado polo artigo Único, apartado 10 da Lei 15/1992, e en

concordancia co artigo único, apartado 58º da Lei 8/1991, de modificación da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño de Réxime Electoral Xeral, hai dous tipos de subvencións:

a).- **Suxeitas ó límite.**- Formada pola suma dos importes correspondentes a 2.000.000 de pesetas por escano e 75 pesetas por voto.

b).- **Non suxeita ó límite.**- Formada por 20 pesetas polo número de electores.

Mediante Orde da Consellería de Economía e Facenda de 25 de agosto de 1993 (D.O.G. nº 164, xoves, 26 de agosto de 1993) determináronse as citadas contías.

No D.O.G. nº 217, xoves, do 11 de novembro de 1993, publicase a Resolución da Xunta Electoral de Galicia de data 3 de novembro de 1993, pola que se fan públicos os resultados xerais e por circunscripcións e a relación de deputados proclamados electos nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17 de outubro de 1993.

En virtude do anteriormente exposto, resultan as seguintes contías:

**a).- Subvención suxeita ó límite.**

Por 13 escanos a 2.000.000 de pesetas . . . 26.000.000

Por 269.233 votos a 75 pesetas . . . . . 20.192.475

---

**Total subvención suxeita ó límite . . . . . 46.192.475**

---

**b).- Subvención non suxeita ó límite (Envíos electorais-Mailing).**

É a subvención por electores para o envío de sobres e papeletas, publicidade e propaganda (Mailing), sendo esta subvención destinada únicamente para os partidos que obtiveron representación parlamentaria.

Por 2.293.169 electores a 20 pesetas . . . . . 45.863.380

**Total subvención non suxeita ó límite . . . . . 45.863.380**

O límite máximo da subvención ven determinado pola suma de :

a) Subvención suxeita ó límite . . . . . 46.192.475  
b) Subvención non suxeita ó límite . . . . . 45.863.380

**Límite máximo da subvención . . . . . 92.055.855**

Este límite máximo da subvención de Ptas.- 92.055.855.- queda condicionado a que se xustifique o gasto, de conformidade co que determina o artigo 127 da Lei 5/1985, xa que en ningún caso a subvención correspondente a cada grupo político poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados, xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora (redactado conforme á Lei Orgánica 1/1987, de 2 de abril. De acordo coa Disposición Adicional Primeira.1 da citada Lei, no canto de Tribunal de Cuentas debe lerse Consello de Contas).

Así mesmo, para calcula-la subvención líquida a percibir por cada partido, descontarase o anticipo recibido a conta.

Bloque Nacionalista Galego	Gastos Contabilizados	Gastos regulares xustificados	Límite da subvención	Proposta de subvención	Anticipo de subvención	Líquido a percibir
Votos e escanos Electores	46.164.724 43.553.455	46.054.832 43.553.455	46.192.475 45.863.380	46.054.832 43.553.455	5.082.003 -----	40.972.829 43.553.455
Sumas Totais	89.718.179	89.608.287	92.055.855	89.608.287	5.082.003	84.526.284

A proposta de subvención para o Bloque Nacionalista Galego-B.N.G. é de Ptas.- 89.608.287.- que descontado o anticipo recibido a conta de Ptas.- 5.082.003.-, resulta un líquido a percibir de Ptas.- 84.526.284.

En consecuencia, a subvención pendente de outorgar non poderá ser superior, en ningún caso, a Ptas.- 84.526.284.

#### 2.3.7.- Proposta.

O Consello de Contas, respecto á subvención cuantificada no apartado anterior, resolve non formular ningunha das propostas do artigo 47.3 da Lei 8/1985, de 13 de agosto e do artigo 134.2 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral.

#### 2.3.8.- Conclusións.

Das actuacións realizadas, reflectindo os resultados no presente informe, dedúcense as seguintes conclusións:

1ª).- Non se deberían contabiliza-las subvencións esperadas dos resultados electorais como ingresos, xa que non están devengadas ó estar pendentes de adxudicación por un acto administrativo (artigo 47.5 da Lei 8/1985, de 12 de agosto, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro).

As citadas contabilizacións das subvencións alteran o resultado económico da contabilidade.

Nembargantes, como no caso anterior, e co fin de evitar o confusionismo que puidera produci-lo mantemento dun criterio distinto ó do Tribunal de Cuentas, non hai inconveniente, en prol da homoxeneidade, admitilo na contabilidade examinada.

2ª).- Deben separarse axeitadamente os gastos ordinarios da campaña electoral dos gastos de envíos electorais (Mailing) co fin de poder determina-lo límite máximo de gastos e o límite de cada tipo de subvención.

3ª).- Os modelos das contas dos gastos electorais deberán axustarse completamente ós modelos das contas anuais do Plano Xeral de Contabilidade (Balance, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria).

4ª).- Está terminantemente prohibido polo artigo 125 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral realizar cobros e pagos por caixa.

Absteranse de realizar pagos por caixa, xa que se consideran non regulares a efectos da súa xustificación como gastos electorais.

5ª).- Os intereses devengados e non vencidos deben contabilizarse con abono á conta 526.- Intereses a corto prazo de débedas con entidades de crédito, en vez da conta 41002.- Caixa de Aforros de Galicia intereses non devengados.

A conta 526 precisamente recolle no Haber o importe dos intereses devengados durante o exercicio, incluídos os non vencidos, con cargo ás contas 662 e 663.

### 2.3.9.- Opinión.

1º).- Auditamos as contas electorais do B.N.G., correspondentes ás eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17-10-1993, que comprenden o Balance de situación ó 31-1-94, a conta de Perdas e Ganancias e a Memoria, correspondentes ós gastos e ingresos electorais, sendo a súa formulación responsabilidade do Administrador Xeral do partido.

2º).- A nosa responsabilidade non é expresar unha opinión sobre contas anuais no seu conxunto, senón fiscalizar os ingresos e gastos electorais e realizar unha proposta de subvención á Xunta de Galicia, tendo en conta os gastos electorais regulares xustificados ó Consello de Contas, o límite máximo de gastos e o límite máximo de subvención que corresponde ó B.N.G. de acordo cos seus resultados electorais.

3º).- O traballo realizámolo de acordo coas normas de auditoría xeralmente aceptadas, que inclúen o exame, mediante a realización de probas do total de xustificantes (100%), da evidencia xustificativa das contas electorais e a evaluación da súa presentación e dos principios contables aplicados e das estimacións realizadas.

4º).- As salvidades cuantificadas e os principios e normas contables xeralmente aceptadas que se incumpriron quedan expostos nos apartados 2.3.2.- Recursos financeiros e 2.3.3.- Gastos electorais.

Así mesmo, a conta de perdidas e ganancias non se axusta ó modelo do Plano Xeral de Contabilidade.

5º).- Na nosa opinión, excepto polos efectos das

salvidades anteriores, as contas electorais adxuntas expresan na área de gastos tódolos aspectos significativos que contén a información suficiente para a súa interpretación e comprensión.

Descoñecemos se os estados financeiros adxuntos gardan ou non uniformidade cos principios e normas contables xeralmente aceptados aplicados en eleccións anteriores, ó ser este o primeiro informe de contas electorais que realiza o Consello de Contas.

6º).- A proposta de subvención para o partido ascende a Ptas.- 89.608.287, que descontado o anticipo a conta de Ptas.- 5.082.003, resulta un líquido a percibir de Ptas.- 84.526.284.

#### **2.3.10.- Alegacións.**

O abeiro do disposto no artigo 58-a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento do BNG o resultado das actuacións deste Consello de Contas.

##### **a) Alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego.**

Axúntanse as citadas alegacións como anexo ó final do apartado 2.3.10.

##### **b) Contestación ás alegacións formuladas polo Bloque Nacionalista Galego.**

Ó xustificarse a viaxe a Suiza dun membro do partido

acéptase como gasto regular de ptas.- 182.874.- quedando modificados, polo citado importe, os apartados seguintes do anteproxecto do informe:

- Apartado 2.3.3 polo citado gasto de ptas.- 182.874.-
- Proposta de subvención por votos e escanos no citado importe de ptas.- 182.874.-
- Cadros do apartado terceiro de declaración de gastos regulares xustificados.

Ó presentar alegacións o Partido Popular á interpretación dada por este Consello de Contas no criterio de contabilización das subvencións, e ca finalidade de dar o mesmo tratamento ó informe dos tres partidos que obtiveron representación parlamentaria (PP, PSOE e BNG), modifícase o anteproxecto do informe nos seguintes termos:

- a) Elimínase o punto 5º do apartado 2.3.2 do anteproxecto do informe de incumprimento de principios contables.
- b) Elimínase o punto 4º do apartado 2.3.8 por estar reflectido no punto 8º do apartado 4º de recomendacións do anteproxecto do informe, da obriga dos acredores e provedores de comunicar ó Consello de Contas as facturacións superiores ó millón de pesetas.
- c) Modifícase parcialmente o punto 5º do apartado 2.3.9 polo seguinte texto:

"Na nosa opinión excepto polos efectos das salvidades anteriores, as contas electorais adxuntas expresan na área de gastos tódolos aspectos salientables e conteñen toda a

información suficiente para a súa interpretación e comprensión".

Elimínase o seguinte parágrafo: "...pero non así na área de ingresos, polo que non representan a imaxe fiel da situación económico-financeira electoral do BNG, aínda que ..."

Así mesmo, por aceptarse a alegación décimo terceira do Partido Popular, correspondente ó cadre de financiamento, elimínase no anteproxecto do informe todo o referente ó cadre de financiamento.

MARGARITA VÁZQUEZ VERAS, con DNI 32.419.275,  
Administradora Eleitoral do BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG),  
domiciliada a efectos de notificación en Ramón y Cajal 9-11, 1º  
Oficinas 1-2-3. 15.006 A Coruña.

A P R E S E N T A

Consello de Contas de Galicia	
REGISTRO XERAL	
ENTRADA	DATA
N.º 901	4-IV-94

escritos de alegación ao informe do Consello de Contas  
de Galicia sobre a contabilidade eleitoral do BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO.

A Coruña, 2 de Maio de 1994



Asde. Margarita Vázquez Veras


ECMO. SR. CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALIZA.

FRANCISCO XESUS JORQUERA CASELÀS, con DNI 32.757.676,  
domiciliado en Rua B, 6- 5º Esquerda (A Coruña), na sua calidade  
de REPRESENTANTE XERAL e COORDENADOR DA CAMPAÑA do BLOQUE  
NACIONALISTA GALEGO (BNG) nas Eleicións Autonómicas de 1993

D E C L A R A

QUE a viaxe feita por Anxo Quintana González a Suiza, polo  
que se xustifican gastos por importe de 182.874 Ptas. na  
contabilidade eleitoral do BNG, tivo como obxecto a sua  
participación en actos eleitorais destinados a pedir o voto ao  
BNG aos cidadans galegos ali emigrados, adxuntando-se a este  
escrito cópia de anúncios feitos destes actos.

A Coruña, 2 de Maio de 1994



Asdo. Francisco X. Jorquera Caselas


EXCMO. SR. CONSELLEIRO MAIOR DO CONSELLO DE CONTAS DE GALIZA.



17 Outubro de 1993

ELECCIONS AO PARLAMENTO GALEGO

# Galicia CON FORZA PRÓPRIA



XOSÉ MANUEL BEIRAS TORRADO  
Candidato a presidencia da XUNTA

## Bloque Nacionalista Galego

Domingo: 26 Setembro 1993

AS 11 DA MAÑÁN NO

CENTRO GALEGO DE ST. GALLEN  
CONFERENCIA CON:

## Anxo Quintana

(ALCADE DE ALLARIZ)

Membro do Consello Nacional do  
Bloque Nacionalista Galego BNG

III ASISTE A ESTE ACTO!!!

Xuntemos todas las forzas progresistas  
por unha III TERRA III sen emigración

**BNG**

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

**CONFERENCIA**  
setembro 1993

Dia 25 sábado ás 19'30h  
NA SALA "AMARELA" DO VOLKSHALLS  
-Stauffacherstrasse 60-

O MELLOR  
PARA GALIZA



ZÜRICH - SUIZA

**ELECCIONES AUTONÓMICAS EN GALIZA.**

FAX 0034811063

## Anxo Quintana

O CAMBIO E O PROGRESO  
EXPERIMENTADOS  
POLA VILA DE ALLARIZ,  
FAN QUE O ALCALDE  
NACIONALISTA  
SE MOSTRE SATISFEITO  
DA TRAXECTORIA E DO  
TRABALLO REALIZADOS  
NESTES CATRO ANOS,  
RESPALDADO POLAS  
ELECCIONES MUNICIPAIS  
DE 1991, EN QUE O POBO  
LLE CONCEDE  
A MAIORIA ABSULUTA  
NO GOBERNO  
-10 CONCELLEIROS DO  
"BNG" e 3 do PP-  
ANXO QUINTANA  
PENSA QUE  
A EXPERIENCIA DESTA  
VILA PÓDESE LEVAR  
O PARLAMENTO.



**• ALCALDE DE ALLARIZ E**  
.Membro do Consello Nacional do  
Bloque Nacionalista Galego BNG

\*Conferencia a cargo de ANXO QUINTANA, Alcalde de Allariz.

**Presenta: ANSELMO LÓPEZ CARREIRA**

- Profesor e investigador  
de Historia de Galicia
- Membro da UPG

ai que votar  
pcíons  
nacionalistas e non  
por quen foron  
ministros con  
Franco hal trinta  
anos"

'Hai un sentimento  
nacionalista  
indubidábel. Un  
51% de galegos  
votaría nacionalismo

*É unha conferencia, que polo seu interese non debes perder.*

**CONVOCADAS AS ELECCIONES EN GALIZA!**  
A Xunta de Galiza aprobou a  
disolución do Parlamento autónomo,  
convocando eleccións para o  
vindeiro 17 de outubro, anticipán-  
doas dous meses o cumprimento do  
prazo legal.



**NOTA: O DOMINGO, DIA 26 DE SETEMBRO AS 11h00 DA MANA NO LOCAL SOCIAL DO CENTRO GALEGO DE ST.GALLEN O ALCALDE DE ALLARIZ ANXO QUINTANA DISERTARA SOBRE O MESMO TEMA.**

#### **2.4.- COALICIÓN GALEGA.**

Non obtivo representación parlamentaria nas eleccións celebradas o 17 de outubro de 1993.

Non presentou ante este Consello de Contas a súa contabilidade electoral, a pesar de que estaba obrigado, de conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia.

En escrito nº 244 do 18-3-94 a Xunta Electoral de Galicia remitiunos a seguinte documentación de Coalición Galega:

- Relación de ingresos e gastos.
- Xustificantes de gastos.

A relación de ingresos e gastos é a seguinte:

<b>Ingresos</b>	<b>Importe en pesetas</b>
Anticipo subvención . . . . .	1.774.779
Aportación afiliados . . . . .	100.000
Aportación afiliados (Caixa) . . . . .	4.845
<hr/>	
<b>Total ingresos . . . . .</b>	<b>1.879.624</b>
<hr/>	

### Gastos

Nº. factura	Concepto	Importe en pesetas
1	Video publicidade	1.092.500
2	Cartelería	499.999
3	Pegada cartelería	60.000
4	Megafonía	61.000
5	Servicios administrativos	100.000
6	Encendedores propaganda	37.375
7	Teléfono	28.750
<hr/>		
<b>Total gastos . . . . .</b>		<b>1.879.624</b>
<hr/>		

As incidencias observadas son as seguintes:

1ª).- Non presentaron Diario, Maior, Balance de sumas e saldos, Balance de situación, Conta de Perdas e Ganancias e Memoria.

2ª).- Respecto ós ingresos, non se especifica o nome dos afiliados que fan as aportacións.

3ª).- Respecto ós gastos, non se realizaron retencíóns do I.R.P.F. en tres recibos por importe de:

Ptas.- 60.000  
Ptas.- 61.000  
Ptas.- 100.000

4ª).- Realizaron cobros e pagos por caixa a pesar de estar terminantemente prohibido polo artigo 125 da Lei 5/1985, de Réxime Electoral Xeral.

X

De acordo co que determina o artigo 45-4º da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, terá que devolver á Administración Autonómica o importe do adianto ou anticipo da subvención recibido a conta de Ptas.- 1.774.779.

A Administración Autonómica esixirá, se este non se produciu, o reintegro de Ptas.- 1.774.779, importe do anticipo recibido, ó non obter este Partido representación no Parlamento de Galicia, e en consecuencia, non cumpri-los requisitos para a percepción de contía ningunha en concepto de subvención pública.

O abeiro do disposto no artigo 58-a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento da Coalición Galega o resultado das actuacións deste Consello de Contas, non presentando alegacións ó anteproxecto do informe deste Consello de Contas.

## 2.5.- UNIDADE GALEGA-ESQUERDA UNIDA.

Non obtivo representación parlamentaria nas eleccións celebradas o 17 de outubro de 1993.

Soamente presentou ante este Consello de Contas un escrito no que figura un listado de contas cos importes dos ingresos e gastos realizados pero sen xustificantes, non presentando ante este Consello de Contas a súa contabilidade electoral, a pesar de que estaba obrigado, de conformidade co establecido no artigo 46.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia.

O citado listado ten o seguinte detalle:

<b>Ingresos</b>	<b>Importe en pesetas</b>
<b><u>Banco Pastor O.P. Santiago</u></b>	
Crédito do Banco Pastor . . . . .	4.000.000
Ingresos de Esquerda Unida . . . . .	3.000.000
Ingreso da Xunta Electoral . . . . .	2.132.875
<b><u>Caixa Vigo</u></b>	
Crédito de Caixa Vigo . . . . .	15.000.000
Ingreso de Unidade Galega . . . . .	2.061.659

<b>Gastos</b>	<b>Importe en pesetas</b>
<b><u>Banco Pastor</u></b>	
Euromailing . . . . .	4.809.286
Publicidade Exterior Galega . . . . .	1.001.034
Horizonte publicidade . . . . .	149.500
GPX Publicidade . . . . .	575.414
Axencia gráfica galega . . . . .	253.584
Video Zetra . . . . .	50.000

Transferencia á Coalición (Grove) . . . . .	100.295
Transferencia á Coalición (Vilagarcía) . . . . .	75.295
Transferencia á Coalición (Coruña) . . . . .	300.000
Transferencia á Coalición (Ferrol) . . . . .	200.000
GPX Publicidade . . . . .	752.000
Gráficas Portela . . . . .	251.823
Transferencia á Coalición (Vigo) . . . . .	200.000
Alugamento Cine Yago . . . . .	57.500
Corredores de Comercio . . . . .	6.000
Axencia Gráfica Galega . . . . .	180.000
Intereses Banco . . . . .	111.000
Varios . . . . .	385.000
<u>Caixa Vigo</u>	
Imyg. Imagen y grafismo . . . . .	2.248.690
Publicidad Exterior Galicia . . . . .	883.000
Axencia gráfica galega . . . . .	1.804.000
GPX Publicidade . . . . .	1.422.646
Graffiti. Rotulación y diseño por ordenador . .	2.205.125
Colaboración imaxe gráfica e deseño campaña . .	900.000
Finisterre Edicións . . . . .	100.000
Tesouro Público . . . . .	627.905
Servicongres . . . . .	172.500
Euromailing . . . . .	4.072.644
Hotel Palacio de Lalín . . . . .	15.000
Publicidade Exterior Galega . . . . .	883.000
Horizonte Publicidade . . . . .	149.500
Viajes Atlántico . . . . .	59.700
Video Zetra . . . . .	306.500
Hotel Compostela . . . . .	78.590
M. G. V. fotógrafo . . . . .	143.750
Varios . . . . .	646.150

De acordo co que determina o artigo 45-4º da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992, de 30 de decembro, terá que

devolver á Administración Autonómica o importe do adianto ou anticipo da subvención recibido a conta de Ptas.- 2.132.875.

A Administración Autonómica esixirá, se este non se produciu, o reintegro de Ptas.- 2.132.875, importe do anticipo recibido, ó non obter este Partido representación no Parlamento de Galicia, e en consecuencia, non cumpri-los requisitos para a percepción de contía ningunha en concepto de subvención pública.

O abeiro do disposto no artigo 58-a) do Regulamento de Réxime Interior do Consello de Contas de Galicia, aprobado por Resolución do 25 de xuño de 1992 do Parlamento de Galicia (D.O.G. nº 138, venres, 17 de xuño de 1992) púxose en coñecemento de Unidade Galega-Esquerda Unida o resultado das actuacións deste Consello de Contas, non presentando alegacións ó anteproxecto do informe deste Consello de Contas.

### **3.- DECLARACIÓN DE GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS.**

O artigo 47.4 da Lei 8/1985 de Eleccións ó Parlamento de Galicia, modificada pola Lei 15/1992 de 30 de decembro sinala que o informe do Consello de Contas remitirase á Xunta de Galicia e ó Parlamento de Galicia.

O apartado 3º do artigo 134 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral esixe ó Tribunal de Cuentas a remisión do resultado da súa fiscalización mediante informe razoado, comprensivo da declaración do importe dos gastos regulares xustificados por cada partido, federación, coalición, asociación ou agrupación de electores ó Goberno e á Comisión establecida na Disposición Transitoria Primeira da Lei Orgánica do Tribunal de Cuentas. (Interpretado conforme á Disposición Adicional Primeira,<sup>5</sup> desta Lei).

Na formulación da pertinente declaración dos gastos xustificados deberá terse en conta, ademais, que o artigo 127 da Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral establece o principio de que a subvención correspondente a cada formación política non poderá sobrepassa-la cifra de gastos electorais declarados xustificados polo Tribunal de Cuentas no exercicio da súa función fiscalizadora.

En cumprimento destas disposicións e tomando en consideración as particularidades e propostas concretas que, no seu caso, figuran no informe específico de cada partido ou coalición, formulase a presente declaración, comprensiva dos gastos electorais regulares xustificados, e a cifra máxima que pode alcanza-la subvención pública, tanto polos votos e escanos obtidos como polo envío directo e persoal ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais e a contía resultante das propostas concretas deste informe.

Das propostas de subvención terán que descontarse os adiantos xa percibidos (anticipo do 30% do importe da subvención das eleccións de 1989) en aplicación da lexislación electoral.

**a) Subvención por escanos e votos.**

Partido, Agrupación ou Coalición	Gastos regulares xustificados	Límite da Subvención	Proposta da Subvención
Partido Popular de Galicia	147.345.934	143.287.925	143.287.925
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	142.729.605	64.012.325	64.012.325
Bloque Nacionalista Galego	46.054.832	46.192.475	46.054.832
Totais	336.130.371	253.492.725	253.355.082

**b) Subvención por envío directo e persoal ós electores de sobres, papeletas e propaganda e publicidade electorais.**

Partido, Agrupación ou Coalición	Gastos regulares xustificados	Límite da Subvención	Proposta da Subvención
Partido Popular de Galicia	48.538.572	45.863.380	45.863.380
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	45.114.671	45.863.380	45.114.671
Bloque Nacionalista Galego	43.553.455	45.863.380	43.553.455
Totais	137.206.698	137.590.140	134.531.506

**c) Adiantos das Subvencións.**

No recoñecemento e pago das contías anteriores deberán terse en conta os adiantos xa percibidos en aplicación da lexislación electoral, sendo os importes os seguintes:

	Adianto artigos 45.1 e 127.2 (1)	Adianto artigo 133.4 (2)	Totais
Partido Popular de Galicia	35.317.375	—	35.317.375
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE	26.098.413	—	26.098.413
Bloque Nacionalista Galego	5.082.003	—	5.082.003
Totais	66.497.791	—	66.497.791

(1) Artigo 45.1 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia e Artigo 127.2 da Lei 5/1985, de 19 de xuño, modificada pola Lei Orgánica 1/1987, de 2 de abril; 8/1991, de 13 de marzo e 6/1992, de 2 de novembro.

(2) Artigo 133.4 da Lei Orgánica 5/1985.

**d) Líquidos a percibir. (a + b - c ).**

Os líquidos resultantes son:

Partido Popular de Galicia . . . . .	153.833.930
Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE . . . . .	83.028.583
Bloque Nacionalista Galego . . . . .	84.526.284
<hr/>	
<b>Sumas Totais . . . . .</b>	<b>321.388.797</b>
<hr/>	

**e) Importes a reintegrar.**

Ó non obter representación nas eleccións ó Parlamento de Galicia celebradas o 17 de outubro de 1993, non corresponde percibir subvención pública ós partidos Coalición Galega e Unidade Galega-Esquerra Unida, esixíndoselles ós Administradores o reintegro do adianto percibido, en

aplicación do artigo 45.4 da Lei 8/1985, de 13 de agosto, de Eleccións ó Parlamento de Galicia, sendo as contías as seguintes:

Unidade Galega-Esquerda Unida . . . . .	2.132.875
Coalición Galega . . . . .	1.774.779
<b>Sumas Totais . . . . .</b>	<b>3.907.654</b>

#### 4.- RECOMENDACIÓNOS.

Para subsana-las deficiencias apreciadas neste informe, e facilita-las competencias fiscalizadoras do Consello de Contas para futuros informes das eleccións ó Parlamento de Galicia, formúlanse as seguintes recomendacións:

1ª).- Co fin de poder determinar axeitadamente as propostas de subvención por votos e escanos e por envío persoal e directo ós electores de sobres, papeletas, propaganda e publicidade electoral as contabilidades dos partidos políticos deben contabilizar separadamente en contas os gastos ordinarios de campaña e Mailing.

2ª).- Na rendición de contas deben adaptarse ós principios, normas e modelos das Contas anuais do Plano Xeral de Contabilidade, detallando na Memoria os gastos ordinarios de campaña e os de envíos electorais (Mailing) e coa debida separación en contas contables.

3ª).- Non se deben utilizar contas de caixa para ingresos (cobros) e gastos (pagos) dos procesos electorais (artigo 125 da Lei 5/1985, do Réxime Electoral Xeral).

4ª).- Os xustificantes de gastos deben reunir tódolos requisitos esixidos pola lexislación fiscal e mercantil (factura, nº de factura, data, concepto, I.V.E., etc.).

5ª).- As nóminas débense contabilizar polo integro. A liquidación á Seguridade Social e a Facenda, respectivamente, por cotas de seguridade social do persoal e polas retencíóns de I.R.P.F. débense realizar separadamente os correspondentes ó proceso electoral dos correspondentes a gastos ordinarios do partido.

6ª).- A contabilidade das sedes provinciais débese incorporar á contabilidade da sede central mediante contas de enlace do grupo 5, que recollerá a provisión de fondos e o importe xustificado. O seu saldo debedor indicará as cantidades pendentes de xustificación. Os gastos imputaranse ás correspondentes contas do grupo 6º.

7ª).- Aínda que a colaboración das Entidades Financeiras foi satisfactoria, os partidos deben arquivar axeitadamente os seus extractos bancarios e as súas pólizas de crédito e préstamo para presentalas ó Consello de Contas.

8ª).- Os partidos políticos deben comunicar ós seus Provedores e Acredores a obriga que teñen de comunicar ó Consello de Contas as operacións que superen o millón de Ptas. (artigo 133.5 da Lei Orgánica 5/1985 do Réxime Electoral Xeral).

9ª).- Os partidos políticos teñen a obriga de comunicar ó Consello de Contas a procedencia dos seus fondos (artigo 126.3 da Lei de Réxime Electoral Xeral).

**ANEXO RESUMO**

PARTIDO POLÍTICO	GASTOS CONTABILIZADOS	GASTOS REGULARES XUSTIFICADOS	LÍMITE DA SUBVENCIÓN	PROPOSTA DA SUBVENCIÓN	ANTICIPO DA SUBVENCIÓN	LÍQUIDO A PERCIBIR	LÍQUIDO A REINTEGRAR
<b>Partido Popular</b>							
Votos e escanos	148.575.590	147.345.934	143.287.925	143.287.925	35.317.375	107.970.550	.....
Electores	48.538.572	48.538.572	45.863.380	45.863.380	.....	45.863.380	.....
<b>TOTAL PARTIDO POPULAR</b>	<b>197.114.162</b>	<b>195.884.506</b>	<b>189.151.305</b>	<b>189.151.305</b>	<b>35.317.375</b>	<b>153.833.930</b>	<b>.....</b>
 <b>Partido dos Socialistas de Galicia- PSOE</b>							
Votos e escanos	154.991.329	142.729.605	64.012.325	64.012.325	26.098.413	37.913.912	.....
Electores	45.114.671	45.114.671	45.863.380	45.114.671	.....	45.114.671	.....
<b>TOTAL PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA-PSOE</b>	<b>200.106.000</b>	<b>187.844.276</b>	<b>109.875.705</b>	<b>109.126.996</b>	<b>26.098.413</b>	<b>83.028.583</b>	<b>.....</b>
 <b>Bloque Nacionalista Galego</b>							
Votos e escanos	46.164.724	46.054.832	46.192.475	46.054.832	5.082.003	40.972.829	.....
Electores	43.553.455	43.553.455	45.863.380	43.553.455	.....	43.553.455	.....
<b>TOTAL BLOQUE NACIONALISTA GALEGO</b>	<b>89.718.179</b>	<b>89.608.287</b>	<b>92.055.855</b>	<b>89.608.287</b>	<b>5.082.003</b>	<b>84.526.284</b>	<b>.....</b>
 <b>Coalición Galega</b>							
Votos e escanos	.....	.....	.....	.....	1.774.779	.....	1.774.779
Electores	.....	.....	.....	.....	.....	.....	.....
<b>TOTAL COALICIÓN GALEGA</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>1.774.779</b>	<b>.....</b>	<b>1.774.779</b>
 <b>Unidade Galega-Esquerra Unida</b>							
Votos e escanos	.....	.....	.....	.....	2.132.875	.....	2.132.875
Electores	.....	.....	.....	.....	.....	.....	.....
<b>TOTAL UNIDADE GALEGA -ESQUERDA UNIDA</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>.....</b>	<b>2.132.875</b>	<b>.....</b>	<b>2.132.875</b>
 <b>TOTAIS XERAIS</b>	<b>486.938.341</b>	<b>473.337.069</b>	<b>391.082.865</b>	<b>387.886.588</b>	<b>70.405.445</b>	<b>321.368.797</b>	<b>3.907.654</b>